


CURSO 2020-2021

PROGRAMACIÓN DE FRANCÉS



I.E.S. VIRXE DO MAR
Noia

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS.

1.1. SITUACIÓN E CONTEXTO.

1.2. NÚMERO DE GRUPOS E DISTRIBUCIÓN.

1.3. OBXECTIVOS PARA O CURSO ESCOLAR 2019-20.

2. REFERENCIAS NORMATIVAS.

3. METODOLOXÍA.

3.1. CRITERIOS DE CARACTER XERAL.

3. 1. 1. Principios didácticos do Departamento.

3. 1. 2. Deberes do alumnado.

3.2. AVALIACIÓN.

3. 2. 1. Criterios de avaliación.

3. 2. 2. Criterios de cualificación.

3.3. CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

3. 3. 1. 1ºEso.

3. 3. 2. 2ºEso.

3. 3. 3. 3ºEso.

3. 3. 4. 4ºEso.

3. 3. 5. Primeiro de Bacharelato: Francés segundo idioma.

3. 3. 6. Segundo de Bacharelato: Francés segundo idioma.

3.4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES.

3.5. RELACIÓN DE ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFIS COMPETENCIAIS.

3.6. OS PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRESIÓN NA APRENDIZAXE DO ALUMNADO.

3. 6. 1. Avaliación inicial.

3. 6. 2. Avaliación ordinaria.

3.7. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN.

3. 7. 1. Da materia de francés durante o ano escolar en curso.

3. 7. 2. Da materia de francés pendente de anos anteriores.

- O alumnado matriculado na materia no presente curso.
- O alumnado non cursa a materia de francés este curso.

3. 7. 3. Plano de recuperación estival.

4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA-ESCOLARES.

5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

5. 1. PROGRAMAS DE REFORZOS.

5. 2. ADAPTACIÓN CURRICULARES NON SIGNIFICATIVAS.

5. 3. ADAPTACIÓN CURRICULARES SIGNIFICATIVAS.

5. 4. EXENCIÓN DE FRANCÉS.

5.5. PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN DE ACOSO E PROCEDEMENTO CORRECTOR DE CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS.

6. OS TEMAS TRANSVERSAIS

6. 1. EDUCACIÓN PARA A PAZ E CONVIVENCIA.

6. 2. EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA.

6. 3. EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR/A.

6. 4. PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE AMBOS OS SEXOS.

6. 5. EDUCACIÓN MEDIO AMBIENTAL.

6. 6. EDUCACIÓN PARA A SAÚDE.

6. 7. EDUCACIÓN VÍAL.

6. 8. OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS EN CADA CURSOS.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE.

7. 1. AVALIACIÓN DO ENSINO NA AULA.

7. 2. AVALIACIÓN DA ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

7.3. MECANISMO DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E PROCESO DE MELLORA.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

8. 1. RECURSOS DIDÁCTICOS.

8. 2. LIBROS DE TEXTOS.

9. COMUNICACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO.

10. PROGRAMACIÓN.

10. 1. PROGRAMACIÓN DE FRANCÉS SEGUNDO IDIOMA.

10. 1. 1. 1º Eso.

10. 1. 2. 2º Eso.

10. 1. 3. 3º Eso.

- 10. 1. 4. 4º Eso.
- 10. 1. 5. Primeiro de bacharelato.
- 10. 1. 6. Segundo de bacharelato.

11. PROXECTO LECTOR.

12. PLAN TIC.

13. MEDIDAS ADAPTADAS NA PROGRAMACIÓN SEGUNDO O EXPOSTO NO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN COVID.

13. 1. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN:

- 13. 1. 1. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR.
- 13. 1. 2. METODOLOXÍA.

13. 1. 3. TEMPORALIZACIÓN.

13. 1. 4. MEDIDAS ORGANIZATIVAS.

13. 1. 5 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

13. 2. MEDIDAS PARA A EDUCACIÓN NON PRESENCIAL E/OU SEMIPRESENCIAL:

13. 2. 1. OBXECTIVOS IMPRESCINDIBLES A ACADAR.

13. 2. 2. METODOLOXÍA E RECURSOS:

13. 2. 3. MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA.

13. 2. 4. MECANISMOS PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO.

13. 2. 5. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL / NO PRESENCIAL
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA EDUCACIÓN PRESENCIA.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA EDUCACIÓN NO PRESENCIAL O SEMIPRESENCIAL.

13. 2. 6. PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO.

PROGRAMACIÓN DE FRANCÉS 2020-2021

I.E.S VIRXE DO MAR.
NOIA.

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS:

1.1. SITUACIÓN E CONTEXTO.

O Instituto "Virxe do Mar" de Noia está situado no centro da vila, nun edificio antigo, que data de 1889 e un novo, construído a finais do século XX, con aulas espazosas, dotadas de tableiros dixitais. Conta tamén con tres salas de informática, dúas grandes e outra máis pequena.

O **alumnado** que entra en 1º provén maioritariamente dos centros asignados ó Instituto, o Colexio Felipe de Castro para ESO e o Colexio Alexandre Rodriguez Cadarso e o centro concertado Jaime Balmes, de Noia, en Bacharelato. O centro concertado María Asumpta de Noia, o CPI "Cernadas de Castro" de Lousame e o I.E.S. "Poeta Añón" de Outes tamén fornecen alumnado ao "Virxe do Mar". Dende fai varios anos o Instituto acolle estudantes chinos, exipcios, peruanos, brasileiros, paquistanís etc, que proceden das numerosas familias instaladas na vila antes da crise económica, ou son fillos de emigrantes retornados.

Como consecuencia da implantación do **Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas** (MCERL), sobre todo a partir de 2008, os **exames do DELF Scolaire** fixéronse imprescindibles no Instituto, especialmente para o alumnado de Cuale que tiña a posibilidade de acollerse a modalidade Delf Scolaire no propio centro. Logo, en 2010-2011, decidiuse invitar a todo o alumnado de Francés, a partir de 3º de ESO, a presentarse a estas probas, e o Seminario adoptou os manuais escolares "ad hoc". Os resultados foron extremadamente positivos. Iso significa que o Departamento de Francés do I.E.S. "Virxe do Mar" ten posto en práctica, dende hai moitos anos, o acordo que neste senso asinaron a Consellería de Educación e a Embaixada de Francia en xuño de 2016

Finalmente, desde 2013 o Instituto conta cunha nova actividade (nacida a partir do Club de Lectura de Adultos) aberta a todas as persoas da vila. Trátase do **Café de Linguas**, levado pola nai dunha alumna (francesa de nacemento et membro do Club) e un profesor xubilado de Inglés, que animan cada quince días alternativamente, na Biblioteca, charlas sobre temas diversos (tradicións, feitos culturais, etc.) e inclúen unha presentación da vila nas dúas linguas, por parte do profesor de Inglés.

1.2. NÚMERO DE GRUPOS E DISTRIBUCIÓN:

O número de grupos é o seguinte:

Francés Segunda Lingua Estranxeira: 1º E.S.O. (3 grupos), 2º E.S.O. (3 grupos), 3º E.S.O. (2 grupos), 4º ESO (1 grupo), 1º Bacharelato (1 grupo), 2º Bacharelato (1 grupo).

A distribución de grupos entre o profesorado é a seguinte:

Mme. Sanchez Castro Sandrine: 1º ESO (2 grupos), 2º ESO (1 grupo), 1º Bac (SLE) (1 grupo), 2º Bac (SLE) (1 grupo).

Mme. Martinez Bautista María Elena: 1º ESO (1 grupo), 2º ESO (2 grupos), 3º ESO (2 grupos), 4º ESO (1

grupo).

1.3. OBXECTIVOS PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021.

Tendo en conta a excepcionalidade do terceiro trimestre do curso escolar 2019/2020, así como a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados periodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante este curso, 2020-2021, faise imprescindible establecer adaptacións na nosa programación didáctica. Un dos nosos obxectivos fundamentais é definir un plan de actuación claro en caso de ensino non presencial ou semi presencial

Consciente da importancia do Inglés como primeiro idioma estranxeiro dende o momento en que se converte na Koiné universal da comunicación e a investigación, o Departamento de Francés do Instituto "Virxe do Mar" de Noia fixouse como obxectivo preparar ao seu alumnado, axudalo, a obter un diploma que lle permita facer valer o coñecemento dunha segunda lingua estranxeira nun mundo cada vez máis competitivo. O dominio da comprensión oral e escrita e da expresión oral (nos dous primeiros anos da ESO) e da escrita tamén posteriormente, así como a interacción, serán os piares do noso ensino.

2. REFERENCIAS NORMATIVAS.

Esta programación didáctica está elaborada en base á seguinte regulamentación e referencias:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- Marco común europeo de referencia para as linguas (MECRL).

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. As linguas achégannos tamén ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, é dicir en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas.

O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o

punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido. Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

Por outra banda, a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e está integrado polos seguintes elementos: obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e metodoloxía didáctica.

O currículo da educación secundaria e do bacharelato no sistema educativo galego establecido polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de avaliación e as competencias clave, e propón novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supor un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as

alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras.

a) Obxectivos: referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

b) Competencias: capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Contidos: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

d) Criterios de avaliación: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

e) Estándares de aprendizaxe avaliáveis: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

f) Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

A nova "Lei orgánica para a Mellora da Calidade da Educación", LOMCE, pon o acento sobre algúns aspectos do ensino das linguas nos que nós sempre cremos: a necesidade de deixar de ver os diferentes idiomas estudados no Instituto como compartimentos estanco, e a de poñer en común unha terminoloxía única que facilite a aprendizaxe e permita transferir coñecementos dunha lingua a outra. Necesidade tamén de non repetir os mesmos coñecementos teóricos en todos os idiomas, senón adquirilos nun e sabelos aplicar nos outros. Necesidade, finalmente, de aprender as linguas para utilizalas na vida de todos os días e achegármonos a través delas ás culturas que transmiten.

Dende esta perspectiva estamos absolutamente de acordo coa Lomce:

A súa finalidade [da educación plurilingüe e intercultural] é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionais, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido

As directivas da Lei sinalan tamén a importancia do desenvolvemento comunicativo do alumnado en todos os ámbitos:

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria (...). Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra,

constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

O departamento de Francés do Instituto "Virxe do Mar", seguindo os principios do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas concede, dende hai moito tempo, unha importancia primordial ás competencias de comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita e interacción. Dende este punto de vista, a nova lei, que recoñece tamén a necesidade de dominar os elementos pragmáticos da lingua, no supón unha gran diferenza coa didáctica da Lingua francesa posta en práctica no Instituto. Gustaríanos, malia todo, insistir no feito de que a palabra "comunicación" non se refire unicamente ao dominio da oralidade, senón que se estende tamén ao da comunicación escrita. Tampouco poderemos esquecer que a escrita segue a ser un elemento fundamental da aprendizaxe, porque contribúe a fixar o oral e a volver sobre el.

3. METODOLOXÍA.

3.1. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA:

Intentarase empregar o francés como lingua vehicular na clase, pero non se dubidará en recorrer á lingua materna cando sexa necesaria unha explicación complexa para o nivel do alumnado. Utilizaranse distintos rexistros de voz para atraer a atención, e empregarase a xesticulación cando se considere necesario.

Escoitaranse, ademais dos CD do libro de texto, vídeos, gravacións de cancións, da radio, da televisión ou de Youtube. Non esqueceremos tampouco o material de preparación ao Delf co que contamos.

Animaremos ao alumnado a expresarse en francés, de maneira progresiva, propóndolle cancións, facilitándolle trabalinguas ou textos que lles pediremos que repitan para familiarizalos coa sonoridade da lingua. Insistiremos na percepción das oposicións fonéticas que galego e español ignoran, (/i/, /y/, /u/ ; /b/, /v/), así como do ritmo e da entoación.

Farémoslle notar, sobre todo ao principio, **os termos que presentan máis semellanzas coa lingua materna**, a fin de que collan confianza en si mesmos e comprendan que saben moitas máis cousas das que imaxinaban.

Intentaremos dende o principio **darlle unha finalidade práctica a cada actividade e a cada aprendizaxe**. Cómpre, sen embargo, entender que o alumnado precisa coñecementos teóricos para adquirir as bases da lingua francesa.

Os exercicios presentados serán explicados grazas a un modelo que evitará toda ambigüidade, terán unha dificultade crecente e corrixiranse en clase, se teñen un carácter colectivo, e individualmente, de tratárense de redaccións, resumos, descrições, etc. De todos os xeitos, os erros máis frecuentes poden dar lugar a unha revisión en común.

As actividades propostas serán variadas, para evitar a monotonía e o desinterese. Combinarán todas as competencias lingüísticas. Traballarase por proxectos na medida do posible. **A metodoloxía será pois activa e procurará a participación de todo o alumnado.**

Non se intentarán corrixir sistematicamente todos os erros, pero prestarase atención especial a aqueles que se converten en vicios se non se corrixen dende o principio. Animarase ao alumnado cando progresa, e faráselle comprender as causas dos posibles fallos, sen esquecer que mesmo a aprendizaxe da lingua materna comporta erros que non desaparecen á primeira corrección.

Utilizaremos a miúdo o mapa físico e político de Francia (primeiro, e da Francofonía despois), para facerlle

entender ao alumnado que a lingua que aprenden a falan xentes que viven nun sitio concreto do planeta, que deben atravesar montañas ou ríos nos seus desprazamentos, e que teñen unha idiosincrasia concreta porque veñen dun sitio en particular. E aínda que non lles esixamos saber de memoria os nomes dos departamentos, non nos parece esaxerado pedirllas que deduzan onde se atopa o dos Alpes Maritimes ou o de Finistère, por exemplo. A recente división das rexións, recollida nos novos mapas, ilustrará tamén os cambios que se producen no país veciño (e será comentada en profundidade no Bacharelato).

Empregaremos tamén documentais e fragmentos de películas en francés, así como bandas anuncio das mesmas, Dado que o instituto conta cunha importante colección de cintas en francés (subtituladas en español ou en francés para xordos), propoñerémolle aos discentes que as vexan, a partir de 1º de ESO, no seu domicilio durante a fin de semana, e nolas comenten despois. Esta actividade non só reforzará a súa comprensión oral, senón que aumentará tamén considerablemente os seus coñecementos socioculturais.

Traballaremos ademais sobre temas que interesan en particular ao alumnado, e sobre outros que desenvolven proxectos do Instituto, "Aliméntate ben", "Climántica", Educando en igualdade, loita contra a homofobia, entre outros.

Intentaremos, pois, facer entrar dende o principio o mundo exterior na clase de Francés: alí non van adquirir solo coñecementos gramaticais, van tamén aprender cancións, descubrir paisaxes, fragmentos de películas, receitas de zumes, anuncios ou poemas, xentes e países, o que resulta moito máis interesante e enriquecedor. As ferramentas pedagóxicas das que dispoñemos actualmente permiten unha aproximación ao mundo real moito máis importante que hai vinte anos.

Pensamos ademais que os feitos particulares da actualidade teñen tamén cabida na clase de francés. Temas tales como a protección do medio ambiente, a igualdade de sexos, a non discriminación por razóns relixiosas, de raza ou de orientación sexual, a importancia dunha alimentación equilibrada, serán tratados como temas de expresión (oral ou escrita) non só porque son recorrentes nos exames do DELF, senón e sobre todo, porque a escola debe educar aos/ás adolescentes no respecto a si mesmos, aos outros e ao planeta no que viven.

3.1.1. PRINCIPIOS DIDÁCTICOS DO DEPARTAMENTO:

1. Toda aprendizaxe esixe un esforzo, do que o alumno é axente primordial, ao mesmo nivel ca os outros alumnos e o profesorado. Por iso a responsabilidade da mesma non concirne en exclusiva ao docente, como pensan algúns pais: por moi bo que esta sexa, nunca poderá realizar a parte de traballo persoal que cada alumno/a precisa.
2. É obrigado o respecto mutuo entre todos os elementos da clase: discentes e docente deben saber dende o principio que nada está adquirido por anticipado, que todo o mundo ten dereito a equivocarse, e que o importante é intentar sempre facer as cousas ben e non caer nunca no desánimo.
3. Desenvolver a confianza en si mesmo do alumnado é unha tarefa esencial do profesorado, que non aforrará esforzos neste senso.
4. A docente nunca esquecerá tampouco que ela é responsable da súa clase: é dicir ten a obriga de facer un traballo serio, interesante e adaptado ao seu alumnado, e intentar sacar o mellor de cada un/ha deles. Para iso estará atenta ás súas dificultades, procurando previlas e axudándolles a resolvelas. E animarao/a cando progrese.
5. Intentará tamén atender á diversidade do grupo e fornecer a cada quen o complemento de información que pode precisar: exercicios de reforzo para os máis frouxos e de ampliación para os/as máis capacitados/as
6. Terá en conta que a afectividade é a base da motivación, e que lle cómpre desenvolver o interese do alumnado pola lingua e a(s) cultura(s) que esta transfire.
7. Recordará sempre a diferenza entre as competencias de recepción (moito máis fáciles de adquirir) e as de produción, sen pretender que vaian de par unhas e outras.

3.1.2. DEBERES DO ALUMNADO.

A partir de todo o que acabamos de dicir, o alumnado deberá saber desde principio de curso que na clase de Francés hai aspectos negociable e outros indiscutibles. Comezaremos por indicar aqueles que non admiten discusión:

- 1. Observar unha actitude respectuosa cara aos/ás compañeiros/as, ao profesorado e a todo o persoal do Instituto. Isto implica a obriga de deixar traballar aos demais, non molestalos durante o desenvolvemento da clase, respectar o seu material e o da aula, e chegar puntualmente á clase.**
- 2. A obriga de traer o material necesario para a clase (libro de texto, caderno, follas complementarias de exercicios, etc.)**
- 3. A obriga de traballar en clase.**

Profesorado e alumnado negociarán as datas dos exames trimestrais (procurando que non coincidan cos das demais materias), e o tema dos traballos voluntarios. Teranse en conta as suxestións dos discentes.

3.2. AVALIACIÓN:

3.2.1. Criterios de avaliación.

A avaliación considera ao alumnado na súa integridade, non só en aspectos parciais. Por este motivo, para avaliar aos alumnos/as, os criterios que terá en conta o departamento de francés son os seguintes:

a) A actitude en clase:

- Material : traer o libro de texto e a libreta de francés.
- Comportamento na aula : atender na clase, respectar o turno de palabra, non interrompir aos compañeiros/as e a profesora.
- Asistencia a clase.
- Respeto das normas do Centro.
- O traballo en equipo.
- Motivación.
- Atención.
- Solidariedade entre compañeiros.

b) Deberes:

- Realización de deberes: o alumnado realiza os deberes con constancia e regularidade.
- Autocorrección : o alumno corrixe adecuadamente as tarefas a partir da corrección feita na clase.

c) A Libreta.

ESTE CURSO DEBIDO Á SITUACIÓN DE PANDEMIA EVITAREMOS RECOLLER CADERNOS . CO CAL NON AVALIAREMOS COMO EN CURSOS ANTERIORES ESTE APARTADO.

d) Participación activa.

- Intervención na clase de xeito adecuado facendo preguntas interesante acorde coa materia.
- Responde de maneira axeitada ás preguntas propostas pola profesora.
- Ofrécese voluntario/a para a realización de tarefas desenvoltas na aula e nas actividades complementarias propostas polo departamento de Francés (Recital de poemas, panxoliñas de Nadal, concurso de carteis, etc).

e) A expresión oral:

- Pronuncia de xeito adecuado os principais fonemas traballados na clase para ser entendidos correctamente.
- Mostra soltura e confianza ao falar; exprésase con fluidez e claridade.
- A comunicación é posible aínda que comenta algúns fallos morfosintácticos.

f) A comprensión oral:

- Identifica a idea xeral do texto, diálogo.
- Deduce o sentido implícito dalgúns enunciados.
- Obtén ou recoñece información específica do texto.

g) A expresión escrita:

- Elabora textos breves, coherente e cohesionados seguindo as normas ortográficas e morfosintácticas e poñendo en práctica o léxico estudado na aula.
- Elabora un texto respetando a súa estrutura.
- Adapta os rexistros lingüísticos ao contexto proposto.

h) A Comprensión escrita:

- Identifica a idea xeral do texto.
- Distingue as ideas principais e secundarias do texto.
- Expresa o tema do texto con claridade.
- Recoñece a información específica no texto.
- É quen de realizar inferencias, identificar a información implícita.
- Sintetiza o contido do texto.

Combinaranse a heteroavaliación (por parte do profesorado nas probas trimestrais, por exemplo) coa autoavaliación (de cada alumno dos propios exercicios de comprensión oral ou escrita de clase, tras unha corrección conxunta). Esta poderá ser substituída, ás veces, por unha avaliación entre iguais (un/ha alumno/a corrixe a produción doutro/a).

É evidente que a observación do traballo de clase, as probas orais e escritas, os traballos encargados para a casa (exercicios estruturais, ás veces, redaccións, etc.) e as presentacións, así como as actividades voluntarias (aprendizaxe de poemas, visionado dunha película en francés a fin de semana, lectura de libros complementarios nas vacacións) integranse nun marco de avaliación coherente..

O Alumnado será avaliado nas **4 destrezas** e polo tanto os exames constarán de exercicios relacionados con cada unha delas. Os exames serán devoltos corrixidos polo profesor para que o alumnado sexa coñecedor dos seus fallos de comprensión oral, expresión e comprensión escrita. En canto a destreza de expresión oral, o profesor anotará, durante a proba, os erros gramaticais, sintácticos, lexicais, fonéticos e comunicativos máis significativos cometidos polos alumnos/as para así rexistrar a evolución oral do alumnado. Por suposto, tamen se valorara as achegas correctas. É de obriga sinalar os acertos do alumnado e felicitalo por eles, co fin de desenvolver a súa motivación e fortalecer a súa autoestima. Co fin de mellorar o nivel de expresión oral dos alumnos/as, deberán ser coñecedores, como o son nas outras tres destrezas, dos erros e acertos que tiveron : o profesor entregará por escrito os erros cometidos (ou os alumnos copiarán os seus propios erros) para evitalos na seguinte proba oral.

Propónse a continuación varios modelos de ficha a utilizar :

ÉVALUATION DES ÉPREUVES D'EXPRESSION ORALE.

Nom: _____

Prénom: _____

	FAUTES GRAMMATICALES	F. SYNTAXIQUES	F. LEXICALES	F. COMMUNICATIVES	ENCOURAGEMENTS ET FÉLICITATIONS	NOTE FINALE
PREMIER TRIMESTRE Date: _____ Sujet: _____ _____ Date: _____ Sujet: _____ _____ Date: _____ Sujet: _____ _____						
DEUXIÈME TRIMESTRE Date: _____ Sujet: _____ _____ Date: _____ Sujet: _____ _____ Date: _____ Sujet: _____ _____						
TROISIÈME TRIMESTRE Date: _____ Sujet: _____ _____ Date: _____ Sujet: _____ _____ Date: _____ Sujet: _____ _____						

ALUMNO/A:	Grupo:	Data:
COMPETENCIAS		
Sociolingüísticas Pode manter unha conversa simple. Pode respetar os usos comúns.		
Léxicas Conoce o vocabulario visto na clase. Pode usalo axeitadamente.		
Morfosintácticas Usa estruturas vistas na clase Usa formas gramaticais vistas na clase		

Fonolóxicas	
Pode expresarse claramente.	
Entende ou pide que se lle repitan as preguntas.	
Soltura xeral	
Pode manter unha conversa, autocorrixese.	
Intenta mellorar e aprender.	
Nota:	

A avaliación de aspectos como a participación, a motivación, o desempeño do traballo na casa, a entrega dos traballos, o mantemento do caderno, etc. que contan para a nota serán rexistrada no caderno de profesor ou outro material empregado para tal fin, para que o seguimento das actividades sexa o máis obxectivo posible e os alumnos teñan coñecemento da nota obtida en cada parte.

3.2.2. Criterios de cualificación:

Para ESO e 1er de Bachillerato :

As probas realizadas (polo menos unha por trimestre), que poderán incluír cuestións de gramática, unha Comprensión Oral e Escrita e unha Expresión oral e escrita **representarán o 80% da cualificación total. O 20% estará reservado ao traballo de clase (Realización de deberes, Actitude, Participación activa, conectividade).**

A **avaliación** será **continua**. Dado que se trata dunha ensinanza cíclica, e que os contidos básicos vistos nos trimestres anteriores poden ser obxecto de preguntas nos posteriores, **se un alumno non aproba as dúas primeiras avaliacións pero supera o último exame, considerarase que aprobou a materia**. Pola contra, **se aproba os dous primeiros trimestres, pero non o terceiro, deberá realizar un exame final que conteña preguntas sobre contidos de todos os trimestres para poder aprobar**. Terase en conta o traballo realizado ao longo de todo o ano, a motivación do alumnado e as súas capacidades reais.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA EDUCACIÓN PRESENCIAL :

AVALIACIÓN DE ESO E 1º DE BACHARELATO						
PROBAS 80%				TRABALLO DE CASA / AULA 20%		
COMPRESIÓN ESCRITA	COMPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ESCRITA	REALIZACIÓN DE TAREFAS	ACTITUDE	PARTICIPACIÓN
20 %	20%	20%	20%	10%	5%	5%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA EDUCACIÓN NO PRESENCIAL O SEMIPRESENCIAL :

AVALIACIÓN DE ESO E 1º DE BACHARELATO						
PROBAS 80%				TRABALLO DE CASA / AULA 20%		
COMPRESIÓN ESCRITA	COMPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ESCRITA	REALIZACIÓN DE TAREFAS	CONEXIÓN	PARTICIPACIÓN E ACTITUDE

20 %	20%	20%	20%	10%	5%	5%
-------------	------------	------------	------------	------------	-----------	-----------

Para 2º Bachillerato (Segunda língua)

As probas realizadas incluírán cuestións de gramática, unha expresión escrita e unha comprensión escrita para preparar as probas ABAU . Esta parte representará o 80 % da cualificación total. O 20% estará reservado ao traballo de clase e casa : 10% a realización dos deberes (como entrega de redaccións) e 5% a participación e conectividade e finalmente 5% de actitude.

A avaliación será continua. Dado que se trata dunha ensinanza cíclica e que os contidos básicos vistos nos trimestres anteriores poden ser obxecto de preguntas nos posteriores, se un alumno non aproba as dúas primeiras avaliacións pero supera o último exame, considerarase que aprobou a materia. Pola contra, se aproba os dous primeiros trimestres, pero non o terceiro, deberá realizar un exame final que conteña preguntas sobre contidos de todos os trimestres para poder aprobar. Terase en conta o traballo realizado ao longo de todo o ano, a motivación do alumnado e as súas capacidades reais.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA EDUCACIÓN PRESENCIAL :

AVALIACIÓN DE 2º DE BACHARELATO				
PROBAS 80%		TRABALLO DE CASA / AULA 20%		
COMPRESIÓN ESCRITA	EXPRESIÓN ESCRITA	REALIZACIÓN DE TAREFAS	PARTICIPACIÓN	ACTITUDE
40 %	40%	10%	5%	5%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA EDUCACIÓN NO PRESENCIAL O SEMIPRESENCIAL :

AVALIACIÓN DE 2º DE BACHARELATO				
PROBAS 80%		TRABALLO DE CASA / AULA 20%		
COMPRESIÓN ESCRITA	EXPRESIÓN ESCRITA	REALIZACIÓN DE TAREFAS	CONEXIÓN	PARTICIPACIÓN E ACTITUD
40 %	40%	10%	5%	5%

3.3 CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES:

3.3.1 Para 1º ESO:

GRAMATICAIS:

-Presente do indicativo dos verbos “avoir” y “être” .

- Presente do indicativo dos verbos da 1ª conxugación e de “aller”
- Presente do indicativo dos verbos: “faire, venir, vouloir, prendre, mettre”
- Presente do indicativo dos verbos pronominais.
- Pronomes persoais suxetos, reflexivos y tónicos (insistencia).
- Pronome persoal “on”.
- A frase negativa.
- A frase interrogativa.
- As interrogacións parciais máis frecuentes.
- A utilización de: “qui est-ce? / qu’est ce que c’est”?
- Os determinantes artigos: determinados, indeterminados y partitivos.
- Os determinantes interrogativos.
- Os determinantes posesivos (1 solo poseedor).
- O feminino e o plural dos sustantivos e adxectivos calificativos máis usuais.
- A utilización de: “c’est / il, elle est” y de “ce sont / ils, elles sont”.

B) LEXICAIS:

- O material de clase e as cores.
- Os adxectivos calificativos de uso frecuente.
- Os adxectivos numerais cardinais.
- Os días da semana.
- As partes do día e as comidas correspondentes.
- As estacións e os meses do ano.
- O corpo humano e o dos animais.
- As actividades cotiás.

C) OBXECTIVOS FUNCIONAIS (CAPACIDADE COMUNICATIVA):

- Saudar, presentarse e despedirse.
- Pedir disculpas e agradecer.
- Deletrear e contar.
- Dar e pedir información básica.
- Dicir a hora.
- Falar dos gustos persoais.
- Falar das sensacións físicas.
- Descibir de xeito sinxelo.

3.3.2 Para 2º da ESO (+ revisión do curso anterior)

A) GRAMATICAIS:

- O presente de indicativo dos verbos: “finir,pouvoir, vouloir, prendre, mettre” e similares.
- O presente de indicativo dos verbos pronominais con reforzo do suxeito.
- O imperativo afirmativo e negativo.
- O “futur proche”.
- O “passé composé” (introdución).
- O futuro.
- A frase negativa e as negacións contrarias.
- Os determinantes artigos: determinados, indeterminados, partitivos e contractos.
- Os determinantes interrogativos, demostrativos e posesivos.
- O feminino dos sustantivos e adxectivos cualificativos irregulares.
- O plural dos sustantivos e adxectivos cualificativos irregulares.
- O uso das principais preposicións.
- A expresión: “avoir mal à ...”
- A expresión da cantidade.
- A expresión do tempo.

- A expresión da comparación (introdución).
- A expresión “il faut / il ne faut pas”.
- Os pronomes persoais complemento directo.

B) LEXICAIS:

- Formulas de cortesia.
- Adxectivos cualificativos para a descrición física e do carácter.
- As actividades de clase.
- Os membros da familia.
- A roupa e o calzado.
- Os alimentos e bebidas.
- As tendas.
- A casa e o mobiliario.
- As profesións, oficios e actividades relacionadas.
- Os medios de transporte.
- Expresións impersonais relativas á metereoloxía.

C) OBXECTIVOS FUNCIONAIS (CAPACIDADE COMUNICATIVA):

- Expresar bos desexos.
- Pedir desculpas e agradecer.
- Dar e pedir información detallada.
- Falar do estado físico e anímico.
- Expresar a pertenza.
- Falar do clima.
- Describir de forma sinxela: persoas, animais, obxectos.
- Situación no espazo.

3.3.3. Para 3º da ESO (+ revisión dos cursos anteriores)

• GRAMATICAIS:

- O “passé composé”, concordancia dos participios pasados.
- O imperfecto indicativo.
- O futuro simple.
- O imperativo afirmativo e negativo dos verbos pronominais.
- Os xiros temporais: “passé récent / présent duratif / futur proche”
- As expresións temporais de anterioridade, simultaneidade e posterioridade.
- A colocación dos adxectivos cualificativos.
- O uso das preposicións con cidades, rexións, países, etc.
- A expresión da obriga.
- A comparación e a expresión da intensidade.
- Os pronomes persoais complemento preposicional.
- Os pronomes adverbiais “y, en”.

B) LEXICAIS:

- Os adxectivos numerais fraccionarios
- Os establecementos públicos.
- As expresións impersonais: “il fait / il faut / il y a”
- Os adverbios de modo.
- Os adverbios de tempo.

C) OBXECTIVOS FUNCIONAIS (CAPACIDADE COMUNICATIVA):

- Dar e pedir opinións.
- Relatar feitos pasados de forma sinxela.

- Expresar a obriga.
- Expresar desexos, sentimentos e emocións.
- Facer prediccións e falar do porvir.
- Situación con precisión no espazo.
- Dar indicacións de uso precisas e ordenadas.
- Dar ordes ou consellos.
- Facer recomendacións.
- Pedir aclaracións.
- Expresar a cantidade e o modo.

3.3.4. Para 4º da ESO (+ revisión dos cursos anteriores)

A) GRAMATICAIS:

- A alternancia “passé composé / imparfait”
- O condicional.
- O subxuntivo.
- Os pronomes demostrativos e posesivos.
- Os pronomes relativos simples.
- Revisión dos pronomes persoais en diferentes funcións gramaticais.
- A “mise en relief”
- A interrogación con insistencia.
- A expresión da obriga e da prohibición.
- A expresión da necesidade.
- O participio presente.
- A frase exclamativa.

B) LEXICAIS:

- Repaso xeral de cursos anteriores.
- Expresións para telefonar.
- Vocabulario relativo á saúde e a enfermidade.
- Vocabulario relativo aos medios de comunicación de masas.
- Vocabulario relativo ás novas tecnoloxías.
- Vocabulario relativo ás viaxes.

C) OBXECTIVOS FUNCIONAIS (CAPACIDADE COMUNICATIVA):

- Expresar o acordo ou desacordo.
- Relatar unha viaxe, unhas vacacións.
- Propoñer, aceptar e rexeitar.
- Telefonar e pedir citas.
- Explicar as características peculiares dun obxecto.
- Dar instrucións sobre o funcionamento dun aparello.
- Dar instrucións para orientarse no espazo.

3.3.5. Para 1º de bacharelato Francés 2º idioma:

A) GRAMATICAIS:

- O presente indicativo dos verbos: “voir, être, parler, aller, s’appeler, finir, faire, dire, voir, sortir, voir, pouvoir, vouloir, s’asseoir, savoir, rendre, prendre, mettre” e similares.
- O imperativo afirmativo e negativo.
- O “passé composé” e o uso dos verbos auxiliares. Casos particulares.
- O imperfecto indicativo.
- O futuro simple.
- O condicional.

- O subxuntivo.
- As expresións temporais de anterioridade, simultaneidade e posterioridade.
- Os pronomes persoais suxeitos, reflexivos e tónicos (insistencia).
- A interrogación con insistencia.
- Os pronomes: interrogativos, demostrativos e posesivos.
- Os adxectivos e pronomes indefinidos.
- A expresión da comparación e da intensidade.
- A frase exclamativa.
- A frase negativa. Tipos de negación.
- O uso das principais preposicións: a, de, en, dans, sur, chez, pour, par, etc.
- A expresión da opinión persoal.
- A expresión da obrigación, prohibición e necesidade.
- Os pronomes persoais en función de complementos.
- Os pronomes adverbiais “en, y”
- Os pronomes relativos.
- A insistencia mediante: “c’est ... qui / c’est ... que”
- O xerundio.

B) LEXICAIS (vocabulario de cursos anteriores):

- Os adxectivos cualificativos necesarios para unha descripción física e do carácter.
- As cores, a forma e a materia.
- Os adxectivos numerais: cardinais, ordinais e fraccionarios.
- Expresións relativas á meteoroloxía.
- Os deportes e as actividades de lecer.
- As viaxes e os medios de transporte.
- Os adverbios: de cantidade, de tempo, de lugar e de modo.

C) OBXECTIVOS FUNCIONAIS (CAPACIDADE COMUNICATIVA):

- Utilizar fórmulas de cortesía habituais.
- Pedir aclaracións e axuda.
- Dar e pedir información de todo tipo.
- Desenvolverse nunha conversa telefónica.
- Falar dos gustos persoais e dos proxectos de futuro.
- Expresar desexos e sentimentos.
- Facer propostas, aceptalas ou rexeitalas.
- Expresar a opinión persoal.
- Expresar o acordo, desacordo ou indiferenza.
- Relatar feitos pasados, recordos e vivencias.
- Redactar unha nota, unha mensaxe, unha felicitación.
- Dar ordes e instrucións.
- Falar do estado físico e anímico.
- Describir de forma exhaustiva: persoas, animais, obxectos ou lugares.
- Establecer comparacións: vantaxes e inconvintes.
- Expresar a cantidade e o modo.
- Expresar a obriga, a prohibición e a necesidade.
- Situación con precisión no espazo.

3.3.6 Para 2º de Bacharelato 2º Idioma

A) GRAMATICAIS:

- Revisión dos tempos verbais do indicativo nos verbos regulares e irregulares.
- Revisión do condicional e do presente de subxuntivo.
- Profundización en tipos de frases negativas, interrogativas e exclamativas.

- Os adxectivos cualificativos: xénero, número e colocación.
- A expresión da comparación e da intensidade.
- Os adxectivos e pronomes: numerais, interrogativos, demostrativos e indefinidos.
- Revisión dos pronomes relativos simples.
- Revisión dos pronomes persoais nas súas diferentes funcións.
- Os pronomes adverbiais “en, y” e os seus usos habituais.
- O xerundio e o participio presente.
- Revisión das expresións de: obriga, prohibición, necesidade.
- Revisión dos xiros e expresións temporais.
- Revisión de “a mise en relief”.
- Profundización no uso das preposicións.
- Os principais conectores.

B) LEXICAIS :

- A cidade: establecementos públicos, tipos de tendas, instalación hoteleras, servizos públicos, medios de transporte, interpretación de paneles.
- Profesións e actividades relacionadas.
- Actividades de lecer: deportes, natureza, lectura, música, espectáculos, viaxes.
- Relacións persoais e sociais: familia, amigos, parella, saídas, encontros.

C) OBXECTIVOS FUNCIONAIS (CAPACIDADE COMUNICATIVA)

- Expresarse de forma fluída, correcta e axeitada ao momento e ás circunstancias.
- Utilizar fórmulas de cortesia habituais tendo en conta a situación.
- Pedir e dar información detallada en diversas circunstancias: direccións, instrucións, modo de emprego.
- Dar instrucións precisas e ordenadas.
- Expresar opinións persoais de diferente índole participando en conversas sobre temas de actualidade.
- Persuadir, aconsellar ou desaconsellar a partir de feitos, experiencias persoais ou datos obxectivos.
- Comunicarse telefónicamente nas situacións máis habituais da vida diaria.
- Buscar información utilizando diferentes soportes: dicionarios, libros de consulta, novas tecnoloxías.
- Comprender a información xeral e os datos relevantes de textos escritos de extensión variada, diferenciando os feitos constatables das intencións comunicativas do autor.

3.4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CHAVE.

A lingua estranxeira está directamente relacionada coa **competencia en comunicación lingüística**, pero polas súas compoñentes comunicativas, sociais e culturais, contribúe tamén ao desenvolvemento das outras competencias: **aprender a aprender, tratamento da información e da competencia dixital, competencia social e de cidadanía, competencia artística e cultural, autonomía e iniciativa persoal.**

En efecto, unha lingua é sempre o vehículo de transmisión dunha cultura e o seu coñecemento favorece a tolerancia e o respecto polas demais, axuda a relacionar a cultura propia e a allea, contribúe a aceptar a diversidade de valores e a desbotar prexuízos, favorece actitudes positivas dende un punto de vista social, tales como a cooperación a través dun traballo en común, o respecto do interlocutor e a participación activa nos debates. Pero, ao mesmo tempo, empregar unha lingua estranxeira supón afrontar dificultades e superalas, o que xera confianza nun mesmo e autoestima, factores esenciais para a consolidación da autonomía persoal. A preparación de tarefas comunicativas favorece o desenvolvemento da capacidade de xestionar proxectos e iniciativas, a través dun traballo cooperativo, identificando as finalidades e as necesidades, propoñendo obxectivos, planificando accións e estratexias adecuadas, e buscando unha solución aos problemas que van xurdindo. Afecta tamén, de maneira máis superficial, á competencia material e á interacción co mundo físico, sobre todo grazas á utilización da lingua estranxeira como instrumento de información sobre outros ámbitos do currículo.

Debemos ter en conta tamén que, como indica a Lomce

"Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe."

Como temos indicado a **Metodoloxía** empregada no Seminario favorece a motivación por aprender do alumnado, xera curiosidade, e responde á necesidade de adquirir coñecementos e destrezas para chegar a un fin concreto, que lles servirá en distintos contextos, dentro e fora da aula. Resulta, ademais, en todo momento activa e contextualizada. Ofrece, a maiores, a imaxe do alumno/a como axente de comunicación, non só receptor de mensaxes, senón tamén produtor.

Cando o Departamento se implica de cheo nunha metodoloxía baseada na lectura de documentos auténticos, a través da prensa francesa, de escoitas de Radio France Internationale, ou de proxección de emisións de televisión, cando invita ao alumnado a traballar por proxectos, está ofrecendo ao alumnado un coñecemento impagable do mundo, da actualidade na que vive inmerso e dunha competencia cultural que non adquiriría cos métodos máis tradicionais.

3.5. RELACIÓN DE ESTÁNDERES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

A relación de estándares avaliados figuran no apartado correspondente a cada curso. O grado mínimo do indicador de logro refírese nesta programación ao do alumnado que presenta máis dificultades na materia.

3.6. OS PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRESIÓN NA APRENDIZAXE DO ALUMNADO O OS CRITERIOS DE RECUPERACIÓN.

3.6.1. Avaliación inicial.

Antes de iniciar cada curso escolar deberemos coñecer o punto do que partimos con cada grupo. Farase, pois, unha avaliación inicial, e a partir de aí revisaranse os aspectos que lles presentan máis problemas, para intentar que os alumnos máis frouxos se poñan ao día o antes posible. Esta avaliación será diferente segundo os grupos aos que vaia dirixida:

1º ESO.- Dado que os alumnos son en principio debutantes absolutos, tomará a forma dun remuíño de ideas e permitíranos saber que coñecementos previos teñen sobre Francia e a Francofonía e a eventual existencia de relacións persoais con eses países. Estimularase ao mesmo tempo o seu interese.

2º de ESO.- A proba conterá tanto aspectos teóricos (coñecementos básicos: presente dos principais verbos regulares e irregulares, artigos, determinantes posesivos, cifras e números ata cen e o vocabulario esencial) como prácticos: (descrición oral ou escrita do seu mellor amigo/a, dun membro da súa familia, etc). Haberá ademais unha comprensión escrita sobre un tema coñecido.

3º de ESO.- No caso de que o profesorado non coñeza ao alumnado realizará unha proba teórica, que non terá lugar obrigatoriamente o primeiro día de clase, (coñecemento dos verbos en presente, futuro próximo e pasado recente) e práctica, comprensión oral e escrita e expresión oral.

4º de ESO.- Se a clase non é demasiado numerosa bastará para darse conta das dificultades a superar facerlles unha pregunta, oral ou escrita, sobre as actividades realizadas durante as vacacións de verán. (Os tempos compostos, pronomes tónicos e problemas de pronunciación deixaranse sentir enseguida). Pouco a pouco intentarase reparar estas dificultades, e avanzar no coñecemento, nunha aprendizaxe que avanzará sempre en espiral. E dado que se debe facer en contexto, nada mellor que facerlles tomar conciencia dende o principio das dificultades a superar, para axudarlles a resolvelas o antes posible.

Primeiro de Bacharelato. En Primeiro atopámonos a miúdo cunha gran mestura de niveis. En efecto, hai alumnado provinte doutros centros que ten un certificado de nivel A2, outros do noso que conseguiron xa un B1, e outros que non estudan francés dende hai dous ou tres anos. Pódese prever unha proba que integre as catro competencias: CO, CE, PO, PE. Pero case non é necesario: Basta con facerlles ler un texto de nivel A2. Pola súa maneira de pronunciar, e pola súa expresión diante das palabras descoñecidas coas que tropezan e non alcanzan a descifrar, o profesor sabe que ten por diante un longo traballo. Se ten a sorte de contar coa inestimable axuda dun/ha auxiliar de conversa, poderá dividir a clase en dous grupos e ocuparse alternativamente dos máis avanzados (dándolles textos a traballar de xeito autónomo ou coa lectora), e dos menos experimentados. La "petite classe" funcionará ben se o alumnado acepta facer o traballo correspondente para poñerse a nivel.

Segundo de Bacharelato . Se o profesorado non coñece á clase, proporalle unha proba baseada nas catro competencias (CO, CE, PO et PE). Pero se xa os tivo como alumnos o ano anterior, nin sequera será necesario. Organizará unha revisión de contidos previos e continuará avanzando normalmente.

Os alumnos/as de segundo de Bacharelato que queiran **cambiarse** de “francés segundo idioma” a “francés primer idioma” deberán realizar unha proba que demostré o dominio das catro destrezas: Comprensión e expresión oral así como escrita.

3.6.2. Avaliación ordinaria.

Unha vez feita a avaliación inicial e aclarados os puntos problemáticos, realizaranse controis ordinarios durante as clases: exercicios, tests de comprensión oral e escrita, lectura, diálogos, que servirán para acadar unha avaliación coherente. Corrixiranse e puntuaranse tamén os traballos feitos na casa: redaccións, pequenas presentacións. E non se esquecerán os exames orais e escritos de cada trimestre (que poderán conter preguntas sobre os contidos sintáctico-discursivos) .

Para avaliar a comprensión e expresión orais farase con actividades de escuchas, exercicios de completar, contestar a preguntas, cuestionarios variados, completar cancións, etc

A avaliación da capacidade para desenvolverse oralmente en situación interactivas e utilizar as estratexias e recursos que aseguren a comunicación co interlocutor farase mediante a lectura expresiva em voz alta, a expresión de opinións persoais, a escenificación de diálogos, os sondeos, entrevistas e cuestionarios, os xogos de memorización, etc.

Para avaliar a comprensión escrita, as probas versarán sobre textos auténticos ou creados para a clase, sinxelos e de extensión limitada. As actividades para avaliar as capacidades dos alumnos serán do tipo: Le e completa / Le e asocia / Le e busca / Le e contesta / así como as actividades de verdadeiro/falso, preguntas de comprensión, etc.

A avaliación das capacidades para comunicarse por escrito de forma ordenada, con incorreccións que no afecten ao esencial da mensaxe farase atendendo á capacidade demostrada polos alumnos/as para redactar textos sinxelos relativos ás principais intencións comunicativas e respectando as convencións da comunicación escrita (uso de mayúsculas, signos de puntuación e aqueles elementos que aseguran a cohesión e coherencia do texto). Actividades para avaliar este aspecto son as incluídas baixo o encabezado de Copia e Completa / inventa as conversacións / escribe un artigo / unha mensaxe/ unha carta/etc., así como a redacción de cuestionarios, horarios, anuncios, descrições, estrofas de cancións, traballos sobre determinados temas, etc.

Para avaliar os coñecementos que o alumno ten sobre a lingua (estructuras sintáctico-discursivas) faranse probas escritas sobre os contidos gramaticais estudados en cada unidade a través de diferentes tipos de exercicios: completar con palabras dadas, xa sexa de vocabulario ou elementos gramaticais, encher textos con formas verbais, redactar pequenos textos sabendo aplicar o traballo de clase, etc.

A avaliación dos alumnos/ as para recoñecer e apreciar os aspectos socio-culturais farase atendendo a súa

capacidade para utilizar os datos que aparecen nos textos, a súa actitude ante informacións con carga sociocultural, e a captación doutras normas e valores nas relacións sociais (os hábitos cotiás, o lecer, a familia, a gastronomía, etc)

Para rematar, a avaliación incluíra ademais das probas periódicas que se realizan, a avaliación diaria das actividades orais e escritas realizadas na clase e na casa.

3.7. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN:

3.7.1. Da materia Francés durante o ano escolar en curso: alumnado con dificultades.

Se ao longo do ano constatamos problemas en algún alumnado que, malia os seus esforzos non conseguen alcanzar o grado mínimo ofrecerémoslle o apoio necesario, intentando dedicarlles unha atención individualizada, en clase ou durante os momentos nos que estean libres: recreos, horas de titoría, etc. De tratárense de alumnos que non fan ningún esforzo, falaremos co seu titor, para que contacte coa familia e os poña ao corrente da situación, para intentar melloralala.

3.7.2. Da materia Francés de anos anteriores (Pendentes).

3.7.2.1. O alumno está matriculado na materia no presente curso:

O profesor que o ten como alumno no presente curso académico procurará que adquira os graos mínimos de desempeño dos estándares avaliábeis. En caso de que supere os do curso no que se atopa considerarase que ten superados tamén os do anterior, xa que a materia Lingua Estranxeira, é de avaliación continúa, dada a súa aprendizaxe en espiral. Se non é o caso, deberá realizar dous exames no mes de **xaneiro** e de **maio**, o que lle dará a posibilidade de superar a materia do ano precedente se non aproba a do ano en curso.

3.7.2.2. O alumno non cursa esta materia este ano:

O profesor que se encargue deste alumnado (Xefe de Seminario ou outro), poñerase en contacto con eles a principio de ano e fixará unha hora de reunión (no recreo, hora de titoría, etc.) para resolver os problemas relacionados coa materia, polo menos dúas veces ao mes. Daralles exercicios para realizar ou traballos persoais, que lle serán entregados en tempo e forma, advertíndolles desde o principio que de non respectar o compromiso adquirido veranse obrigados a facer dous exames en xaneiro e maio. En caso de non superalos terán unha última proba no mes de xuño.

3.7.3. Plano de recuperación estival:

Aqueles alumnos/ as que suspendan a asignatura de francés na avaliación final de xuño poderán presentarse á convocatoria de setembro para realizar unha proba onde entrarán os contidos vistos en clase. Para avalialos teranse en conta non soamente a proba escrita senón tamén o estado do caderno de francés e do caderniño de actividades, si o houbera, que deberán estar completos e limpos.

4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA-ESCOLARES.

APARECEN AQUI ABAIXO AS ACTIVIDADES PREVISTAS EN SITUACIÓN NORMAL PARA ESTE CURSO. DEBIDO Á PANDEMIA O DEPARTAMENTO DE FRANCÉS NON REALIZARA TODAS AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PREVISTAS PARA PRIORIZAR AS ACTIVIDADES LECTIVAS. SOAMENTE REALIZARANSE AQUELAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS QUE NON IMPLIQUEN A PERDA DE MOITAS HORAS LECTIVAS, QUE CUMPRAN CON TODAS AS NORMAS SANITARIAS E A CONDICIÓN DE QUE A SITUACIÓN MELLORE.

Este curso tiñamos previsto:

-Participar no festival de Nadal cos grupos que estivesen a ter un correcto ritmo de traballo. Se non, nos centraremos en adiantar contidos.

- Facer polo menos unha saída ao cine ou teatro coa finalidade de coñecer autores francófonos relevantes e traballar a comprensión oral. (NON CREMOS QUE SE POIDA FACER)

-Seguir co ciclo de cine francés. Os alumnos que o desexen poderán coller películas en lingua francesa na biblioteca para velas na súa casa. Esta actividade permite un achegamento á cultura francesa: Bienvenue au Nord/ La Boum / Les Intouchables / Astérix / etc... (SEGUNDO ACCESIBILIDADE Á BIBLIOTECA)

-Concurso gastronómico dirixido a todos os alumnos de francés: preparación de receitas típicas francesas/ francófonas. Faremos unha degustación a final de curso para despedirnos. (NON CREMOS QUE SE POIDA FACER)

-Xantar nunha crepería francesa de Santiago de Compostela cos alumnos de 4º ESO e Bacharelato.(NON CREMOS QUE SE POIDA FACER)

-Concurso de felicitacións de nadal con frases en francés.

-Actividade de contaconto para reforzar a comunicación oral co Profesor camerunés Samuel Mountoumjou.(NON CREMOS QUE SE POIDA FACER)

-No terceiro trimestre, Jeremy, antigo auxiliar de conversación, originario da Bretaña, realizará unha unidade didáctica de 50 minutos centrada nunha especialidade da súa rexión : A Crêpe. Na súa furgoneta, ensinaralles a receta da crêpe, o modo de elaboración e establecerá un xogo de compra e venda.(NON CREMOS QUE SE POIDA FACER)

-Non descartamos a posibilidades dun intercambio lingüístico ou viaxe a Francia. Ao longo do curso iremos definindo esta actividade si pode ter lugar. (NON SE FARÁ).

-Participación do alumnado de 3º e 4º da ESO nun proxecto e- Twinning.

Estas actividades poden sufrir variacións ou ser suspendidas en caso de pouca participación do alumnado ou de baixo rendemento no tratamento dos contidos.

5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

5.1. PROGRAMAS DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS:

Aplicarase aos alumnos que presenten dificultades para seguir o ritmo de traballo derivado do desenvolvemento da programación xeral, en especial a aqueles que non superen a materia trimestralmente, polo que non se alteran, para os alumnos aos que se aplica a medida, os obxectivos e contidos contemplados na mesma. Trátase dunha medida individual e que afecta, basicamente, aos aspectos metodolóxicos. Podería concretarse, entre outros posibles, nos seguintes aspectos:

-Realizar un seguimento dos alumnos con relación á comprensión das actividades de clase, da información

básica desenvolvida na mesma,etc.

-Ampliar as actividades que se deseñan para reforzar os contidos fundamentais, adaptalas ás súas necesidades.

-Tomar en consideración estas dificultades, ao comezar os novos contidos, co fin de repasar, poñer ao día ou sinalar aspectos fundamentais para a súa comprensión.

- Recomendar o uso de material complementario.

-Informar ao profesor /titor de que se están desenvolvendo estas medidas, para que cando se entreviste coa familia lles faga ver a necesidade dun maior seguimento escolar do alumno. É necesario resaltar que estas medidas están moi condicionadas, en relación á súa eficacia, coas actitudes ante as tarefas presentadas que manifestan os alumnos. As tarefas de reforzo, deben entender os alumnos que custan un “esforzo” e que só son eficaces realizadas con asiduidade.

5.2. ADAPTACIÓNS CURRICULARES NON SIGNIFICATIVAS:

Cando as medidas anteriores non fagan grande efecto, e as dificultades non evolucionan da forma esperada, é cando temos que engadir, ás medidas propostas, algunhas outras. Estas decisións sempre se tomarán co asesoramento do Departamento de Orientación. Non se trata de variar a programación establecida para o grupo, senón de establecer algúns axustes que melloren a atención a estes alumnos.

Atenderase a:

Programación xeral: Analizaremos no seu conxunto os contidos que imos desenvolver e procuraremos prever os que poidan atopar máis difíciles.

Metodoloxía: Buscarase unha maior participación destes alumnos, comprobando que entenderon ben o sentido dos exercicios, realizarase un seguimento máis personalizado dos seus traballos na casa e na clase, sempre que sexa posible.

Materiais: Utilizaranse materiais complementarios para favorecer unha maior comprensión e reducir as súas carencias nas destrezas básicas.

Avaliación: indicarlles unha orde de prioridade na realización das preguntas dos controis, darlles algunha explicación informativa para que se sitúen ante o problema, darlles algo máis de tempo.

Ademais destas consideracións, poden abordarse outras, por exemplo, adaptacións dos criterios xerais de avaliación, valoración dos traballos, actitudes...etc.

Como pode comprobarse non se modificou a estrutura da programación nin da avaliación, xa que seguen todos os criterios xerais das mesmas aínda que se realicen algunhas adaptacións que non afectan ao seu contido.

5.3. ADAPACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS:

Desenvolverase unha adaptación curricular significativa cando un alumno presente dificultades catalogadas como de necesidades educativas especiais. Procederase ás modificacións duns ou varios elementos do currículo para a adecuada atención educativa do alumno concreto, co asesoramento do departamento de orientación.

Programas de enriquecemento curricular para o alumnado con altas capacidades intelectuais

Para os alumnos con altas capacidades, elaborarse unha proposta de actividades que usen preferentemente recursos TICs que lles permitan traballar e profundar en temas que lles resulten de interese, co asesoramento do Departamento de Orientación.

5.4. EXENCIÓN DE FRANCÉS:

O alumnado que presenta dificultades demasiado grandes nas outras linguas oficiais e estranxeiras recibe, se os pais están de acordo, clases de reforzo dos coñecementos lingüísticos, e están exentos da materia Francés.

5.5.PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN DE ACOSO E PROCEDEMENTO CORRECTOR DE CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS:

Queremos facer mención ao protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento de acoso e ciberacoso escolar, así como o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de comunicación que se poden consultar no seguinte enlace :

<http://www.edu.xunta.gal/portal/educonvives.gal>

6. OS TEMAS TRANSVERSAIS NA ÁREA DE FRANCÉS.

A nosa metodoloxía baséase na educación en valores e desenvolve a interdisciplinaridade mediante os temas elixidos, permitindo que profesoras e alumnos/as reflexionen sobre os mesmos. Na materia de Francés pretendemos ensinar aos nosos alumnos, a lingua e a cultura dos países francófonos e ao facelo, o alumnado debe cuestionarse sobre nosa propia cultura ao comparar costumes e hábitos de vida diferentes aos nosos. Nos libros de texto que eliximos para traballar en clase nos diferentes cursos trátanse temas transversais que educan aos alumnos en valores democráticos que pretendemos inculcar:

6.1. Educación para a paz e a convivencia.

- Respecto debido ás diferenzas entre os individuos e o valor da paz para o achegamento entre os pobos.
- Respecto cara á civilización francesa: personaxes, monumentos,...
- Valorar outros costumes no referente á familia, comidas, organización do tempo libre.
- No referente ás nacionalidades, respecto cara á multiculturalidade.
- Rexeitamento da violencia sobre persoas ou obxectos.
- Rexeitamento dos modelos de comportamentos antisociales.
- Respecto cara aos demais no referente á elección da profesión.

6.2. Educación moral e cívica para que os/as alumnos/as interioricen o respecto e os comportamentos adecuados para o traballo en grupo na clase. Reflexionaremos sobre as boas relacións que deben existir, non só na familia, senón entre amigos/as e compañeiros/as. Estaremos atentos a prever o **acoso escolar** que se revela como un problema de convivencia nos centros.

- Respecto nos saúdos, presentacións e descripcións.
- Respostas adecuadas ás instrucións emitidas polo profesor en clase.
- Atención cara ás mensaxes orais e esforzo por entendelaos.
- Respecto ás normas de comportamento que facilitan o traballo individual e en grupo.
- Respecto cara outras formas de vida no referente á familia, moda, tempo libre etc.
- Respecto cara os bens propios e alleos.

6.3. Educación do/a consumidor/a ; para que os/as alumnos/as coñezan as posibilidades que ofrece a Internet, pero tamén o uso racional que se lle debe dar a esta ferramenta.

- Rexeitamento do consumismo; valoración dun consumo coherente e en función das necesidades.
- Rexeitamento da escravitude que impón a moda.
- Organizar o tempo de lecer de xeito coherente.
- Sensibilización ante a necesidade dunha alimentación sa e equilibrada.

6.4. A Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos.

- Falaremos dos centros escolares e as materias, parécenos importante incidir na igualdade de mozos e mozas á hora da colaboración na casa ou na clase, ademais de fronte aos estudos realizados para a súa inmersión posterior na sociedade sen prexuízos sexistas.
- Non discriminación por razón de sexo á hora de invitar a alguén a unha festa, na elección da profesión, no emprego do tempo libre (deportes, afeccións...).
- Non discriminación nas descrições en función do sexo.

6.5. Educación medioambiental:

Reflexionando sobre a necesidade de coidar o planeta, a natureza que nos rodea, as cidades onde vivimos e que visitamos.

- Toma de conciencia sobre a importancia da protección do medio ambiente.
- Coidado e protección dos animais.
- Organización das vacacións en contacto coa natureza.
- Reflexión sobre os cambios do tempo meteorolóxico.

6.6. Educación para a Saúde conectando a importancia do deporte e actividades de lecer cunha boa alimentación

- Necesidade dunha alimentación sá e equilibrada.
- Organización sa e coherente do tempo libre.
- Fomento da práctica dalgún deporte.

6.7. A educación vial:

- Uso dos medios de transporte diariamente e nas viaxes.
- Valoración do medio de transporte público.

6.8. Os Elementos transversais traballados en cada curso:

CURSO	ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS EN CADA CURSO
1ºESO	<p>UNITÉ 1: Edu para a convivencia. Saúdar e presentarse.</p> <p>UNITÉ 2: Edu. para a paz. Festas e costumes.</p> <p>UNITÉ 3 : Edu. para a edu cívica: coñecer os países francófonos de Europa e os "clichés".</p> <p>UNITÉ 4: Edu. Medio ambiental. A importancia do lecer e deporte.</p> <p>UNITÉ 5: Edu. Para a saúde. O corpo e doenzas.</p> <p>UNITÉ 6: Edu. medio ambiental. As vacacións.</p>
2ºESO	<p>DOSSIER 0: Edu. cívica. Coñecer a unha persoa.</p> <p>DOSSIER 1: Edu. para a convivencia. O sistema educativo francés.</p> <p>DOSSIER 2: Edu. medio ambiental. O respecto ós animais.</p> <p>DOSSIER 3: Edu. moral e para a convivencia. O respecto ás diferentes tipos de casas (autocaravanas, barcos, tendas,etc)</p> <p>DOSSIER 4: Edu. do consumidor/a. Administrar a nosa propina.</p> <p>DOSSIER 5: Edu. para a saúde. A alimentación sa.</p> <p>DOSSIER 6: Edu. do consumidor. Os programas televisivos nos adolescentes</p> <p>DOSSIER 7: Edu. medio ambiental. O futuro dos planetas</p>
3ºESO	<p>DOSSIER 0: Edu. cívica. Aprender un idioma</p> <p>DOSSIER 1: Edu. para a igualdade. As profesións e as súas cualidades sen distinción de sexo.</p> <p>DOSSIER 2: Edu. cívica e para a paz. As asociacións humanitarias en Francia.</p> <p>DOSSIER 3: Edu. para a saúde. A música na vida dos adolescentes</p>

	<p>DOSSIER 4: Edu. do consumidor. A moda e os estilos vestimentarios.</p> <p>DOSSIER 5: Edu. para a saúde. O mobil.</p> <p>DOSSIER 6: Edu. para a saúde. A comida rápida.</p> <p>DOSSIER 7: Edu. medio ambiental. Os animais en vía de extinción.</p>
--	---

4ºESO	<p>UNITÉ 1: Edu cívica. Hablar de nuestros estudos en una entrevista laboral.</p> <p>UNITÉ 2: Edu para a convivencia. Pasos a seguir para cambiar de país (pasaporte/ carné de conducir, etc).</p> <p>UNITÉ 3: Edu para a igualdade. Describir físicos e formas de ser de adolescentes sen distinguir sexo ni raza.</p> <p>UNITÉ 4: Edu para a saúde. Coidar o corpo.</p> <p>UNITÉ 5: Edu medio ambiental. O zoo.</p>
--------------	--

1 º BACH / 2º BACH	<p>Nestes cursos traballamos con material extraído de : diferentes libros de textos, xornais dixitais ou programas de radio e televisión. Para seleccionar os textos e os temas a tratar temos en conta os temas transversais.</p> <p>Edu. para a saúde:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Operacións estéticas. -O deporte para estar en forma. -O alcohol, as drogas nos adolescentes. -Os hábitos de alimentación saudables. -Un bó almorzo. -Doar sangue <p>Edu. para a igualdade:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Mulleres relevantes na historia de Francia e na actualidade. -O reparto das tarefas na casa. -O dereito á maternidade. -A conciliación da vida familiar. <p>Edu. medioambiental:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A contaminación dos coches. -Ventaxas de vivir lonxe de grandes núcleos. -Os incendios en Galicia. -O respecto ós animais en vía de extincións. -O aforro da auga, etc <p>Edu. moral e cívica:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O acoso escolar -A relación cos pais. -O respecto a diferentes formas de vestir. -O racismo, etc. <p>Edu. do consumidor/a:</p> <ul style="list-style-type: none"> -As compras compulsivas. -O uso indebido de internet -A moda. -A publicidade enganosa. -Os produtos "light" <p>Edu. para a paz e a convivencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Respectar as relixións.
---------------------------	---

	<ul style="list-style-type: none"> -La vida entre vecinos. -Rexeitar a violencia. -Vivir en piso compartido <p>Edu. vial:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Os medios de transporte que non contaminan. -Visitar as cidades en bicicleta. -Paris en “bateau mouche” -Un día sin coches.
--	---

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE.

Os resultados do proceso de ensino-aprendizaxe non poden ser achacados exclusivamente ao alumnado e ás súas responsabilidades dentro de devandito proceso. Como é sabido, as dificultades na aprendizaxe poden ter as súas raíces en moi diferentes causas, a forma na que se administre o centro, a disponibilidad de recursos ou as capacidades didácticas do profesor/a son tamén fundamentais.

Dende a nosa competencia como profesores, habemos de ser esixentes non só co traballo e progreso do alumnado senón tamén prestar atención a como nós mesmos desenvolvemos o noso labor, por iso é polo que se faga necesaria unha postura autocrítica constante co desempeño do noso propio traballo, no que recoñezamos e teñamos en conta nosas propias limitacións e as dificultades que xurdan durante o transcurso do proceso co fin de poder realizar axustes e, no seu caso, cambios de estratexia da nosa forma de proceder.

Xa que logo é necesario, non só avaliar ao alumnado, senón tamén avaliar a propia práctica docente, reflexionar sobre o noso traballo como profesores e profesoras, a formulación e desenvolvemento realizado das distintas unidades ou bloques temáticos, si o ambiente foi apropiado, a colaboración entre alumnos e alumnas, a organización dos materiais e si atendemos á diversidade. A valoración destes aspectos permítenos coñecer as condicións en que se está desenvolvendo a práctica educativa, aqueles aspectos que favoreceron a aprendizaxe e aqueloutros que serían necesarios modificar e que supoñen incorporar cambios.

7.1. A AVALIACIÓN DO ENSINO NA AULA:

Cada profesor avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos das materias e, no seu caso, dos obxectivos educativos da etapa e o desenvolvemento das competencias básicas, ao obxecto de melloralos e adecualos ás características específicas e ás necesidades educativas dos alumnos. Dita avaliación terá lugar, polo menos, logo de cada avaliación de aprendizaxe do alumnado e con carácter global ao final do curso.

A avaliación da práctica docente de todos os membros do departamento será tratada en reunión de departamento tras cada avaliación e as conclusións máis relevantes quedarán reflectidas no acta correspondente. Ao final do curso cada profesor elaborará unha memoria cos resultados da avaliación e entregaraa ao Xefe de Departamento. Os xefes de departamento incluírán na memoria final de curso unha análise dos resultados globais da avaliación: Memoria Final de Curso.

A avaliación da práctica docente é un proceso continuo de carácter persoal e reflexivo no que avaliaremos a adecuación da nosa actuación na aula. Os interrogantes que nós debemos suscitar neste proceso reflexivo son, entre outros, os seguintes:

- Delimitamos claramente os obxectivos, os contidos, a metodoloxía, e os criterios de avaliación a comezo de curso e de cada unha das unidades?

- A nosa planificación de cada sesión é flexible para poder acomodar a ela as situacións imprevistas da vida da aula?
- Resaltamos a utilidade e importancia dos contidos que suscitamos en cada unidade?
- Indagamos nos coñecementos previos do alumnado?
- Creamos un clima axeitado para que o alumnado participe nas explicacións?
- Utilizamos recursos didácticos diversos e estratexias docentes para concretar os contidos da materia?
- O número de sesións de cada unidade foi axeitado?
- Relacionamos a unidade cos contidos de carácter transversal?
- Foron adecuadas as actividades para a aprendizaxe dos contidos?
- Previmos o suficiente número de actividades para traballar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais da unidade?
- Foron actividades motivadoras?
- Previmos actividades grupais ou só individuais?

Ademais do proceso autocrítica, é fundamental que os propios protagonistas do proceso formativo, os alumnos/as, poidan dar a súa opinión e poidan avaliar criticamente o labor do profesor/a. A opinión dos alumnos/as será sen dúbida en moitos casos a mellor fonte de información para poder detectar si as cousas estanse facendo ben e para poder tomar decisións respecto diso. Unha das ferramentas principais para levar a cabo esta tarefa será a utilización dun cuestionario con preguntas referidas a todos os elementos do proceso formativo involucrados.

7.2. A AVALIACIÓN DA ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN. AVALIACIÓN A NIVEL DE DEPARTAMENTO:

Os elementos que se terán en conta para levar a cabo a avaliación son os seguintes:

- a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades dos alumnos.
- b) As aprendizaxes logradas polo alumnado.
- c) As medidas de individualización do ensino con especial atención ás medidas de apoio e reforzo utilizadas.
- d) A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensino, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.
- e) A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.
- f) A coordinación co resto de profesores de cada grupo e no seo do departamento.
- g) As relacións co titor e, no seu caso, coas familias.

Permítenos valorar:

- Si se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,
- Si existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Si se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Si se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Si os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados.

Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente ofrecemos a continuación unha Rúbrica da Práctica docente na que se valorarán os seguintes aspectos:

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

O obxectivo deste cuestionario é recoller información que poida ser de gran axuda para mellorar a materia de Francés no futuro. Grazas por responder de maneira anónima e sincera.

Nome do/a Profesor/a: _____

Curso: _____

PLANIFICACIÓN:

	1 NADA	2 MOI POUCO	3 POUCO	4 BAST ANTE	5 MOITO
1- A profesora proporciona ao alumnado toda a información relevante sobre a materia (contidos, criterios de cualificación, metodoloxía, desde o comezo do curso ?					
2-A profesora especifica o sistema de avaliación detallando os porcentaxes de cada unha das probas escritas e orais e traballo de aula?					

CLASES PRESENCIAIS:

	1 NADA	2 MOIPO UCO	3 POUCO	4 BAST ANTE	5 MOITO
3-A profesora organiza e estrutura ben as actividades e tarefas na clase?					
4-A profesora utiliza adecuadamente os distintos recursos didácticos (material, presentación, videos, etc) para facilitar a aprendizaxe?					
5-A profesora crea un clima axeitado para que o alumnado participe nas actividades desenvoltas na aula?					

TAREFAS/ACTIVIDADES DO CURSO :

	1 NADA	2 MOIPO UCO	3 POUCO	4 BAST ANTE	5 MOITO
6-As tarefas realizadas na clase gardan relación cos obxectivos e contidos da materia?					
7-As actividades e tarefas realizadas servíronme para relacionar os contidos teóricos coa práctica?					
8-A profesora entregou material práctico de reforzo para mellorar a comprensión daqueles contidos que me resultaron máis difíciles de entender?					

RELACIÓN PROFESOR(A)/ALUMNO(A):

	1 NADA	2 MOIPO UCO	3 POUCO	4 BAST ANTE	5 MOITO
9-A profesora estimula o interese e a curiosidade dos alumnos?					

10-A profesora mostra dedicación e entusiasmo ao impartir a materia?					
11-A profesora móstrase accesible e disposta no trato persoal cos estudantes?					

APRENDIZAXE:

	1 NADA	2 MUY POUCO	3 POUCO	4 BASTANTE	5 MOITO
12-Entendí e asimilei os contidos desta materia?					
13-Aprendí contidos que considero valiosos para o meu futuro profesional?					
14-O ritmo de traballo foi adecuado?					

AVALIACIÓN:

	1 NADA	2 MOIPO UCO	3 POUCO	4 BASTANTE	5 MOITO
15-A profesora aplica de xeito adecuado os criterios de avaliación?					
16-Despois das probas orais son coñecedor/a dos meus fallos e acertos?					
17-Despois das probas escritas son coñecedor/a dos meus fallos e acertos?					
18- Parécenme axeitados os criterios, as estratexias e os instrumentos de avaliación?					

Engade calquera outra opinión ou calquer comentario que queiras manifestar en relación ca materia e/u co profesor.

7. 3. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E PROCESO DE MELLORA :

O Departamento de francés elabora o seguinte material en base a 10 indicadores que no parecen importantes para avaliar, revisar e si é necesario modificar a programación coa finalidade de melloralala.

INDICADORES	SI	NO	REGULAR	PROPOSTAS / COMENTARIOS
1-DESENVOLVEUSE OS CONTIDOS PREVISTOS.				

2-AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS FAVORECERON A ADQUISICIÓN DOS CONTIDOS.				
3-UTILIZÁRONSE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN VARIADOS.				
4-FÍXOSE UNHA CORRECCIÓN DAS ACTIVIDADES DO ALUMNADO NO CADERNO.				
5-OS RESULTADOS OBTIDOS POLO ALUMNADO FORON POSITIVOS.				
6-INFORMOUSE ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO QUE PRESENTABA DIFICULTADES.				
7-OS MATERIAIS DIDÁCTICOS E LIBROS DE TEXTOS SON ADECUADOS.				
8-AS PAUTAS ESTABLECIDAS PARA A AVALIACIÓN CONTINUA E INICIAL É ADECUADA.				
9-OS CRITERIOS ESTABLECIDOS PARA A RECUPERACIÓN DUNA AVALIACIÓN SON ADECUADOS.				
10-O SEGUIMENTO E A REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN AO LONGO DO CURSO É ADECUADA				

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

8. 1. RECURSOS DIDÁCTICOS:

Utilizaremos:

- Diferentes recursos de Internet como direccións con recursos para completar contidos ou practicar coñecementos; blogs da clase, e diferentes aplicacións que nos axuden a desenvolver a competencia oral.
- Recursos proporcionados pola editoriais para desenvolver actividades de avaliación, reforzo e ampliación., en formato papel ou dixital.
- Libros de lecturas adaptadas que dispoñemos no departamento e na biblioteca.
- As pizarras dixitais, ordenadores, biblioteca e outras dependencias que puidesen necesitarse.
- Dicionarios bilingües.
- Dvd.
- CD
- Documentos audios,
- Internet.
- Documentos auténticos: xornais, revistas, planos, folletos, guías turísticas.
- Xogos

8.2. LIBROS DE TEXTOS:

Os libros de texto que utilizaremos durante o presente curso son os seguintes:

CURSO	LIBROS
1º DE ESO	<u>E-DIXGAL</u> (utilizaremos os diferentes libros dixitais que nos proporciona e-dixgal aínda que o libro de base e de referencia será o proposto pola editorial NETEX)
2º DE ESO	<u>PROMENADE 2º ESO</u>, livre de l'élève A1-

	A2.Ed.SM.
3º DE ESO	PROMENADE 3º ESO , livre de l'élève A2.Ed.SM.
4º DE ESO.	En route vers le Delf A2 scolaire et junior.Godard. E Liria.Ed.Maison des Langues.
1º BACHARELATO. Todos os alumnos están en posesión do A2 e mostran interese en presentarse ó B1.	DELFScolaire et junior B1 . Ed.Hachette.
2º DE BACHARELATO	Recomendado À plus 5-B2 , méthode de français.. Macmillan

9. COMUNICACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO:

O alumnado é coñecedor dende os primeiros días de clase dos contidos esenciais da programación :

1-O profesorado dedica as primeiras sesións de curso a explicar detalladamente aspectos tales como : a metodoloxía, os criterios de avaliación, etc e tamén a responder ás posibles dúbidas.

2-Se lle entrega un pequeno resumo da programación para que pegue no seu caderno e poda consultar ao longo do curso.

3-Tamén se deixa un resumen esquemático colgado no tablón da aula.

MODELO DE FICHA INFORMATIVA ENTREGADA AOS ALUMNOS/AS A PRINCIPIO DE CURSO:

PLAN DE TRABAJO de ESO /1º BACHARELATO						
FRANCÉS CURSO 2020-2021						
LIBRO DE TEXTO : _____						
TEMPORALIZACIÓN:						
Primeiro trimestre: Unidades 1 e 2.						
Segundo trimestre: Unidades 3 e 4						
Terceiro trimestre. Unidades 5 e 6						
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓNS:						
A avaliación será continua . Dado que se trata dunha ensinanza cíclica, e que os contidos básicos vistos nos trimestres anteriores poden ser obxecto de preguntas nos posteriores, se un alumno non aproba as dúas primeiras avaliacións pero supera o último exame, considerarase que aprobou a materia. Pola contra, se aproba os dous primeiros trimestres, pero non o terceiro, deberá realizar un exame final que conteña preguntas sobre contidos de todos os trimestres para poder aprobar. A nota final será a nota da terceira avaliación.						
CRITERIOS DE AVALIACIÓN						
PROBAS 80%				TRABAJO DE CASA / AULA 20%		
COMPRESIÓN ESCRITA	COMPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ESCRITA	REALIZACIÓN DasTAREFAS	ACTITUDE / CONEXIÓN (en caso de ensino no presencial o semipresencial)	PARTICIPACIÓN
20 %	20%	20%	20%	10%	5%	5%

As notas medias de cada avaliación ou final redondearanse á cifra enteira superior no caso de superar as 75 centésimas, e á cifra inferior se non chega ás 75 centésimas.

TIPO DE EXAMES: Cada trimestre realizarase unha proba que constara das seguintes partes :

- unha parte de expresión oral. (2 ptos)
- unha parte de expresión escrita.(2 ptos)
- unha parte de comprensión oral.(2ptos)
- unha parte de comprensión escrita.(2 ptos)

EXERCICIOS / DEBERES E TAREFAS:(1 punto)

Calificarase os exercicios feitos na clase e a realización dos deberes. De non facelos terase un negativo que descontara 0,20 puntos.

ATITUDE / CONEXIÓN : (0,5 ptos)

Nas clases presenciais valorarase a atitude do alumnado : interese, motivación, pregunta se non entende, préstase voluntario para correxir, conexión, realización de traballos voluntarios (en caso de clases non presenciais)

PARTICIPACIÓN : (0,5 ptos)

Calificarase a participación nas actividades, na corrección dos exercicios, na realización de lecturas, nas prácticas orais ata un máximo de 0,5 puntos.

PLAN DE TRABAJO 2º DE BACHARELATO CURSO 2020-2021

LIBRO DE TEXTO:

Sen libro

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A **avaliación** será **continua**. Dado que se trata dunha ensinanza cíclica, e que os contidos básicos vistos nos trimestres anteriores poden ser obxecto de preguntas nos posteriores, **se un alumno non aproba as dúas primeiras avaliacións pero supera o último exame, considerarase que aprobou a materia**. Pola contra, **se aproba os dous primeiros trimestres, pero non o terceiro, deberá realizar un exame final que conteña preguntas sobre contidos de todos os trimestres para poder aprobar**.

AVALIACIÓN DE 2º DE BACHARELATO				
PROBAS 80%		TRABAJO DE CASA / AULA 20%		
COMPRESIÓN ESCRITA	EXPRESIÓN ESCRITA	REALIZACIÓN DE TAREFAS	PARTICIPACIÓN / CONEXIÓN	ACTITUD
40 %	40%	10%	5%	5%

As notas medias de cada avaliación ou final redondearanse á cifra enteira superior no caso de superar as 75 centésimas, e á cifra inferior se non chega ás 75 centésimas.

PROBAS:

Cada trimestre realizarase unha proba que constara das seguintes partes :

-unha parte de expresión oral.

-unha parte de expresión escrita.

O modelo da proba será similar a proba da ABAU.

EXERCICIOS E DEBERES:(1 punto)

Calificarase os exercicios feitos na clase e a realización dos deberes. De non facelos terase un negativo que descontara 0,20 puntos.

ATITUDE / CONEXIÓN : (0,5 ptos)

Nas clases presenciais valorarase a atitude do alumnado : interese, motivación, pregunta se non entende, préstase voluntario para correxir, conexión (en caso de clases non presenciais)

PARTICIPACIÓN : (0,5 ptos)

Calificarase a participación nas actividades, na corrección dos exercicios, na realización de lecturas, nas prácticas orais ata un máximo de 0,5 puntos.

10.PROGRAMACIÓN.

A continuación establécese a programación para cada curso. Indícanse en primeiro lugar os obxectivos da Lomce, e a continuación os contidos dos cinco bloques (a fin de que os poida consultar calquera persoa), e os contidos didáctico-discursivos (para que nin alumnado nin profesorado os perdan de vista, ao longo do curso escolar). A non utilización de libros de texto nos cursos de Bacharelato dificulta aínda máis a temporalización concreta dos mesmos, que serán explicados segundo sexan necesarios (o cal non será impedimento para unha revisión sistemática, de "posta a punto", dos coñecementos previos ao inicio de cada curso).

Os Indicadores mínimos de logro de cada estándar están sinalados ás veces nos tres trimestres, e outras en un ou dous: Cremos que nalgúns casos é moi difícil que o alumnado os alcance no primeiro. Dado que se trata dunha materia de contidos progresivos, poden aparecer exercicios de comprensión ou expresión oral ou escrita que precisen deles ao longo dos tres trimestres. Nalgúns casos danse exemplos concretos de actividades realizadas ao longo do curso que concretan determinados estándares. Na maioría a temporalización engádese ao final.

10.1. PROGRAMACIÓN DE FRANCÉS SEGUNDO IDIOMA

10.1.1. Primeiro ESO

Obxectivos:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre violencia contra a muller.
SLE-B1.2	2º-SLEB1.2 - Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.	Capta a información principal de mensaxes, anuncios ecomunicados breves, claramente articulados, sempre que non haxa interferencias e poida volver escoitalo.	×	×	×	PROCEDEM ENTOS: Observación de clase. Análise de exercicios de comprensión oral. INSTRUMENTOS: Exercicios de comprensión oral. Nivel A2, B1-B2.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
SLE-B1.3	2º-SLEB1.3 - Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa, preguntas sobre asuntos persoais ou educativos. (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos) , e comentarios sinxelos ao respecto.	×	×	×	PROCEDEM ENTOS: Análise de exercicios de comprensión oral. INSTRUMENTOS: Exercicios de comprensión oral. Nivel A.2.2. ou B1-B.2. segundo o nivel do alumnado.	CCL, CAA, CSC, CCEC
SLE-B1.4	2º-SLEB1.4 - Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.	Entende as informacións básicas de conversas en hoteis, tendas, centros docentes ou espazos de lecer, sobre datos persoais, prezos, números, etc. sempre que se articule ben, se fale lentamente, e poida volver escoitar o dito.	×	×	×	PROCEDEM ENTOS: Análise de exercicios de comprensión oral. INSTRUMENTOS: Exercicios de comprensión oral. Nivel A.2.2 ou B1-B2, segundo o nivel do alumnado.	CCL, CAA, CSC, CCEC
SLE-B1.5	2º-SLEB1.5 - Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiás ou menos habituais,	Comprende narracións, descrições, sentimentos e opinións, formulación de hipóteses e algúns aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou a actualidade, nunha conversa informal, cando se lle fala con claridade, sobre temas cotiás.	×	×	×	PROCEDEM ENTOS: Observación de clase. Análise de exercicios de comprensión oral. Proba de comprensión	CCL, CAA, CSC, CCEC

	articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.					oral, nivel A.2.2 ou B1-B2. INSTRUMENTOS: Exercicios de comprensión oral de manuais (que reproducen , por exemplo, conversas entre amigos). Interacción coa profesora e os compañeiros.	
--	--	--	--	--	--	--	--

SLE-B1.6	2º-SLEB1.6 - Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou doseu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articuladas con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.	Identifica as ideas principais de programas de televisión, anuncios, películas e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns, con apoio visual importante.	×	×	×	PROCEDEM ENTOS: Exercicios colectivos de comprensión oral sobre pequenos documentais. INSTRUMENTOS: documentais, periódico Le Monde, vídeos de You tube, ... A valoración destas probas quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado CO (Comprensión Oral)	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
----------	--	--	---	---	---	--	-------------------------

Bloque 2. Producción de textos orais : expresión e interacción.

SLE-B2.1	2º-SLEB2.1 – Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.	Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.	×	×	×	PROCEDEM ENTOS: Observación de clase. Análise das producións orais. INSTRUMENTOS: Escala de observación das comunicacións reais. Mediación cultural coa lectora: Comparación entre a Selectividade e o Bac, etc.	CCL, CAA, CSC, CCEC
----------	--	---	---	---	---	---	---------------------

SLE-	2º-SLEB2.2 – Fai	Fai presentacións breves,	×	×	×	PROCEDEM	CCL,
------	------------------	---------------------------	---	---	---	----------	------

B2.2	presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.	ben estruturadas, con apoio visual, organizando a información de xeito coherente, e respondendo a preguntas sinxelas, ben articuladas.				ENTOS: Análise das producións orais. INSTRUMENTOS: Presentacións sobre temas de actualidades.	CAA, CSC, CCEC, CD
------	--	--	--	--	--	--	-----------------------------

SLE-B2.3	2º-SLEB2.3 – Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.	Participa nunha conversa formal ou informal ou nunha entrevista, expresándose sinxelamente podendo reaccionar ante simples comentarios, si se lle repiten. Narra feitos pasados e fai proxectos e suxestións. Expresa exustifica sentimentos e describe algúns aspectos concretos e abstractos de temas como a música, a literatura, o cine, a protección do medio ambiente, etc.	×	×	×	PROCEDEM ENTOS: Análise das producións orais. INSTRUMENTOS: Producións orais: intercambios cos compañeiros ou a profesora, e a lectora. A valoración destas probas quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado Comprensión Oral (C.O.)	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
----------	--	---	---	---	---	---	-------------------------------------

SLE-B2.4	2º-SLEB2.4 - Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiáns e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha	Arránxase para desenvolverse en situacións cotiáns, ou menos habituais como viaxes, compras, aloxamento ou actividades de lecer, respectando as normas básicas de cortesía, e utilizando estratexias de comunicación lingüística verbais e non verbais. Sabe solicitar información sobre aspectos concretos.	×	×	×	PROCEDEM ENTOS: Observación de clase. Análise das producións orais: Jeux de rôle (transporte, aloxamento, etc). INSTRUMENTOS: Producións orais, jeux de rôle.	CCL, CAA, CSC, CCEC
----------	---	--	---	---	---	---	------------------------------

	reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.						
--	---	--	--	--	--	--	--

SLE-B2.5	2º-SLEB2.5 – Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.	Participa en conversas formais ou entrevistas sinxelas, solicitando ou dando información, expresando opinións simples, facendo ofrecementos, invitacións ou propostas, aceptándoos ou rexeitándoos con educación. Pide instrucións ou solucións a problemas prácticos.		×	×	<p>PROCEDEM ENTOS: Observación de clase. Análise das producións orais, e interaccións.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais, e interaccións cos compañeiros e a profesora.</p> <p>A valoración destas probas quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado Producción Oral (P.O.)</p>	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
----------	---	--	--	---	---	---	-------------------------

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

SLE-B3.1	2º-SLEB3.1 – Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.	O/a alumno/a sabe identificar as informacións importantes dun texto xornalístico ou divulgativo, de extensión media, e as conclusións de textos argumentativos, adecuados ao seu nivel.		×	×	<p>PROCEDEM ENTOS: Observación de clase. Análise de textos escritos.</p> <p>INSTRUMENTOS: Exercicios de comprensión escrita (nivel A2, B1.)</p>	CCL, CAA, CSC, CCEC
----------	--	---	--	---	---	---	---------------------

SLE-B3.2	2º-SLEB3.2 - Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas,	Entende a información esencial de anuncios, ou comunicación de carácter público relacionados con temas do seu interese persoal ou educativo.	×	×	×	<p>PROCEDEM ENTOS: Observación de clase. Análise de probas de comprensión escrita.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos</p>	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
----------	---	--	---	---	---	---	-------------------------

	etc.).						
SLE-B3.3	2º-SLEB3.3 – Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).	Identifica, grazas as imaxes, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, e instrucións claras para respectar normas de seguridade básicas ou de convivencia.	×	×	×	<p>PROCEDEM ENTOS: Observación de clase. Análise de exercicios de comprensión escrita.</p> <p>INSTRUMENTOS: Instrucións sobre aparellos e normas de seguridade tiradas de Internet ou de diversos métodos.</p>	CCL, CD
SLE-B3.4	2º-SLEB3.4 – Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.	Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.	×	×	×	<p>PROCEDEM ENTOS: Observación de clase. Análise de probas de comprensión escrita.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lecturas adaptadas</p>	CCL, CCEC, CAA, CSC
SLE-B3.5	2º-SLEB3.5 - Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen concerto detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaginarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Comprende correspondencia persoal, que contén descrições, narracións de acontecementos pasados ou futuros e na que se expresan, de xeito simple, sentimentos e opinións sobre temas abstractos e concretos do seu interese.	×	×	×	<p>PROCEDEM ENTOS: Observación de clase. Análise de exercicios de comprensión escrita.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CCL, CD, CAA
SLE-B3.6	2º-SLEB3.6 - Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lles solicitan	Comprende calquera tipo de correspondencia formal, sobre asuntos que poden xurdir na vida real, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro e pode reaccionar en consecuencia.		×	×	<p>PROCEDEM ENTOS: Observación de clase. Análise de exercicios de comprensión escrita.</p>	CCL, CCEC, CD

	documentos para unha estada de estudos no estranxeiro).					INSTRUMENT OS: Textos escritos.	
SLE-B3.7	2º-SLEB3.7 – Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou co seus intereses.	Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, sempre que poida releer as partes máis complexas, sobre temas educativos ou relacionados cos seus intereses		×	×	PROCEDEMEN TOS: Observación do alumnado na clase de informática, mentres busca información. INSTRUMENT OS: Páxinas web, libros vídeos. A valoración destas probas quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado Comprensión Escrita (C.E.)	CCL, CD, CSC, CAA

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

SLE-B4.1	2º-SLEB4.1 – Escibe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, dexeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.	Describe, en carta ou por correo electrónico, experiencias e sentimentos, intercambia información ou opinións, sobre temas do seu interese, sinalando aspectos que considera importantes. Refírese a experiencias pasadas, reais ou imaxinarias.		×	×	PROCEDEMEN TOS: Análise de producións escritas. INSTRUMENT OS: Producións escritas.	CCL, CD, CSC
SLE-B4.2	2º-SLEB4.2 – Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.	Responde a cuestionarios sinxelos con información diversa, relativa a si mesmo/a para solicitar un servizo específico.	×	×	×	PROCEDEMEN TOS: Análise da produción escrita. INSTRUMENT OS: Respostas a cuestionarios dados.	CCL, CD, CAA

SLE-B4.3	2º-SLEB4.3 –Escribenotas, anuncios,mensaxes e comentarios breves, encalquera soporte, nosque solicita etransmite informacióne opinións sinxelas enos que resalta osaspectos que lleresultan importantes,respectando asconven-cións e asnormas de cortesía,tamén nas redessocias.	Escribe notas e mensaxeselectrónicos para pedir ou darinformacións e opinións,respectando as convencións e asnormas de cortesía máisimportantes.	×	×	×	PROCEDEMEN TOS: Análise da produción escrita. INSTRUMENT OS: Notas e mensaxes breves.	CCL, CD, CAA
----------	--	--	---	---	---	---	--------------

SLE-B4.4	2º-SLEB4.4 – Escribecorrespondenciafo rmal básica, dirixidaa institucións públicasou privadas oentidades comerciais,fundamentalmentedes tinada a pedir ou dar información,solicitar un servizo ourealizar unhareclamación ou outraxestión sinxela,espectando asconvencións formais e as normas de cortesíausuais neste tipo detextos, cunhapresentación limpa eordenada do texto	Escribe en grupo correspondenciaformal moi básica e breve,dirixida a unha oficina de turismopara solicitar información,respectando as convenciónsformais e as normas de cortesíabásicas deste tipo de textos.	×	×	×	PROCEDEMEN TOS: Análise da produción escrita INSTRUMENT OS: Mensaxes enviadas a Oficinas deturismo de diversas rexións	CCL, CCEC, CD, CSC
----------	--	---	---	---	---	--	--------------------

SLE-B4.5	2º-SLEB4.5 - Escribe,nun formatoconvencional, informesexpositivos breves esinxelos, atendendo ásúa estrutura básica eparticularidadessintáctic o-discursivaselementais, nos que dáinformación esencialsobre un temaeducativo, ocupacionalou menos habitual,describindobreve mentesituacións, persoas,obxectos e lugares;narrandoacontece mentosnunha clara secuencialineal, e explicando demaneira sinxela osmotivos de certasaccións.	Redacta informes expositivosbreves e sinxelos sobre un temaeducativo facendo brevesdescricións e narrandoacontecementos seguindo unhaestructura esquemática moisinxela (título, corpo do texto e,deser o caso, conclusión ebibliografía).		×	×	PROCEDEMEN TOS: Análise das producións escritas. INSTRUMENT OS: Producións escritas sobre temas se actualidade. A valoración destas probas quedará rexistrada noCaderno de aula no apartado Produción Escrita (P.E.)	CCL, CCSC, CD
----------	--	---	--	---	---	---	---------------

Bloque 5.Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.

SLE-S5.1	1º-SLE B5.1-Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización,	Produce de maneira intelixible léxico e estruturas básicas, faise entender, e persevera no uso de patróns básicos de ritmo, entoación e	×	×	×	PROCEDEMEN TOS: Observación de clase INSTRUMENT	CCL, CAA, CCEC
----------	---	---	---	---	---	---	----------------

	sonorización etc.)e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	acentuación de palabras e frase.				OS: Producción oral.	
SLE-B5.2	1º-SLEB5.2-Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas defierenzas culturais que poidan existir.	Utiliza adecuadamente, a maioría das veces, as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas defierenzas culturais que poidan existir entre os dous países.	×	×	×	PROCEDEMEN TOS: : Observación de clase. Análise da produción oral e escrita. INSTRUMENTOS : Diálogos, jeux de rôle, entrevistas (orais e escritas)	CCL, CCEC, CSC, CAA
SLE-B5.3	2º-SLEB5.3 – Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Nas actividades de aula, pode facer hipóteses de significado tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas e explicar aproximadamente o proceso de produción de textos.	×	×	×	PROCEDEMEN TOS: Observación de aula. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL, CCEC, CSC, CAA
SLE-B5.4	2º-SLEB5.4 – Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados co elemento transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa en proxectos multilingües (folletos, carteis, etc), evitando estereotipos e avaliando a súa competencia como persoa plurilingüe.		×	×	PROCEDEMEN TOS: : Observación de clase. INSTRUMENTOS: Producións escritas e dixitais	CCL, CCSC, CCEC
PLE-B5.5	2º-SLEB5.5 -Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediateza en aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel	Comprende as consignas dunha tarefa (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando axeitadamente as estruturas e o léxico necesarios, básicos, traballados con anterioridade.	×	×	×	PROCEDEMEN TOS: : Análise das producións orais escritas e dixitais. INSTRUMENTOS: Producións orais, textos escritos e dixitais.	CCL, CCSC, CAA

	escolar,suficientes paracomunicar coneficacia.					Esta información vai implícita nos bloquesanteri ores.	
--	--	--	--	--	--	---	--

11. PROXECTO LECTOR.

Este departamento adica en tódalas clases un tempo a lectura xa que para a realización das tarefas os alumnos teñen que ler os enunciados dos exercicios para poder realizalos. Tamén teñen que ler textos literarios, científicos, turísticos, etc, a partir dos cales traballarán os temas que se lles propoñan. Ademais da información que atopen neses textos o profesorado facilitaralles unha serie de recursos cos que poidan ampliar esa información (enciclopedias, internet, revistas, ...).

Outra actividade cotiá será a busca nos dicionarios das palabras de vocabulario que non entenden e para non esquecer o seu significado facer frases con elas. De cando en vez, poderemos facer textos sinxelos utilizando as estruturas gramaticais, os tempos verbais e o léxico tratado ese día na clase de lectura.

Para fomentar a lectura e a visita regular á Biblioteca do centro entre o noso alumnado, ademais destas actividades, haberá a posibilidade de realizar un traballo opcional sobre un libro de lectura e/ou unha película francesa. Para facelo poden acudir aos fondos da Bibiloteca.

Despois de ler o libro deberán facer un traballo coa ficha técnica do libro (título, autor, editorial, ano de publicación, ISBN, ...), un resumo e unha valoración persoal do mesmo, ou realizar as actividades que presenta o propio libro.

Outra actividade que se propón dende este departamento é a realización e exposicións de traballos sinxelos sobre un tema concreto (celebración das festas de Nadal, invitacións a unha festa, elaborar folletos turísticos da súa cidade, describir persoas ou obxectos, escribir cartas, ...). Estes traballos poderán estar expostos nos corredores do instituto.

12. PLAN TIC.

Na medida das posibilidades do centro e das aulas de informática intentaremos traballar co noso alumnado utilizando as novas tecnoloxías.

Para o alumnado de Francés, como lingua estranxeira Internet ofrece a posibilidade de estar máis preto de Francia e o resto de países francófonos, de estar en contacto con eles e de estar ao tanto da súa realidade cotiá e por iso, as profesoras do departamento cremos que é moi proveitoso para o noso alumnado.

Traballaremos temas como a prensa, a radio, a televisión, a música, as viaxes, etc e a forma de traballo será a busca de información en Internet, visitando unicamente páxinas en francés.

Se logramos establecer novos contactos entre os nosos alumnos e alumnas con alumnado francés, Internet será unha vía fácil e rápida de comunicación xa sexa con mails ou nun foro.

Algunhas veces utilizaremos o correo electrónico para comunicarmos co noso alumnado para recordar datas de probas ou para enviar cualificacións, pero este non será o único medio utilizado.

Tamén intentaremos empregar a aula virtual para presentacións de traballos, correccións, exposicións de diferentes probas do DELF ou das ABAU por exemplo.

13. MEDIDAS ADAPTADAS NA PROGRAMACIÓN SEGUNDO O EXPOSTO NO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN COVID.

Tendo en conta e excepcionalidade do terceiro trimestre do curso escolar 2019/2020, así como a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados periodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante este curso, 2020-2021, faise imprescindible establecer adaptacións na nos programación didáctica.

13. 1. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN:

Non temos plan de recuperación de materias pendentes xa que todo o alumnado de francés ten a materia aprobada. O plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles do curso anterior que elabora o Departamento de francés é o seguinte:

13. 1. 1. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR.

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º DE BACH
APRENDIZAXES GRAMATICAIS	Preposicións de lugar: sur, dans, sous, près, loin, ... Presente Ind. dos verbos 2º grupo e do: mettre, sortir, prendre, voir, connaître, ... Combien de/d'?	tempos verbais: "passé composé", "futur simple"/ partitivos/ adverbios de cantidade/ os comparativos.	os pronomes relativos "QUI"- "QUE"/o superlativo / Il Y A- DEPUIS/ os adxectivos e pronomes indefinidos /a comparación.	"en", "y", as proposicións adxectivais (où, dont), o superlativo, o xerundio / CE QUI – CE QUE / o subxuntivo presente.	o subxuntivo presente / as hipóteses / a negación "NE... QUE"
APRENDIZAXES LEXICAIS	Mobles e electrodomésticos. Descrición da casa.	os números ata o infinito/os alimentos/a televisión/o tempo/ o sistema solar.	as invencións/as proporcións/os ingredientes / as receitas / a natureza.	a prensa / os tipos de escritos / a fotografía.	saúde / a publicidade/ a política / alimentación (pratos e produtos típicos, hábitos alimentarios) / tabús.
APRENDIZAXES COMUNICATIVAS	Preguntar e dicir onde se atopa algo na casa. Describir unha casa. Informarse sobre as cantidades e responder.	Falar do tempo/relatar acontecementos pasados/realizar a lista da compra/ elaborar unha receita.	describir obxectos e o seu uso / falar da novas tecnoloxías e das invencións / describir xestos para preservar a natureza / suxerir ideas / falar da cociña.	Describir unha fotografía / expresar o medo.	Falar do mundo profesional / a entrevista / falar de política.
APRENDIZAXES FONÉTICAS				as semi-consoantes	

13. 1. 2. METODOLOXÍA:

Como metodoloxía predomina o enfoque competencial baseado no ensino de coñecementos para que a aprendizaxe sexa funcional e significativa.

Incorporaremos estas aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso: algúns conceptos non adquiridos poden ser vistos a modo introdutorios para perfeccionar os novos deste curso. Algúns contidos citados anteriormente retómanse e están incluídos na programación do seguinte curso.

13. 1. 3. TEMPORALIZACIÓN:

Procuraremos reforzar estas aprendizaxes non adquiridas ao longo do primeiro trimestre. En canto ás aprendizaxes non vistas, que están incluídas na programación de este curso a modo de reforzo ou de ampliación, serán vistos no seu debido momento cun estudo máis detallado e alongado no tempo pola novidade do concepto.

13. 1. 4. MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

Durante a primeira semana do curso escolar realizarase unha avaliación inicial baseada na análise dos informes de avaliación individualizado do curso anterior. Deste xeito :

- Quedan establecidas as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas non curso 2019-2020.

- Identificados as dificultades do alumnado así como as súas necesidades de atención educativa.

13. 1. 5 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

En principio, o alumnado de francés non presenta necesidade específica de apoio educativo. Un dos obxectivos educativos na atención á diversidade do alumnado é garantir unha igualdade efectiva de oportunidades e ofrecer ao alumnado os recursos necesarios. Por este motivo, o Departamento de francés tentará por todos os medios, en caso de confinamento, que este plan de reforzo e recuperación chegue a todo o alumnado: préstamo de ordenadores, informar dos alumnos que non teñen conexión para encontrar o modo de soluciónalo.

- Realización de videoconferencias ou clases virtuais en pequeno grupo: agrupamentos de alumnos fóra do horario da clase telemática ordinaria, nos que se fai un reforzo do alumnado que ten un ritmo de traballo e aprendizaxe máis lento, realizando traballos específicos, que partan da competencia lingüística do alumnado.

- Realización de videoconferencias ou clases virtuais co profesorado especialista en pedagogía terapéutica (PT), fóra do horario da clase ordinaria, nas que se fai un reforzo ou apoio do alumnado que ten un ritmo de traballo e aprendizaxe máis lento.

13. 2. MEDIDAS PARA A EDUCACIÓN NON PRESENCIAL E/OU SEMIPRESENCIAL:

13. 2. 1. OBXECTIVOS IMPRESCINDIBLES A ACADAR:

En caso de clases non presenciais ou semi presenciais os nosos obxectivos para acadar son os seguintes :

- Que ningún alumno/a quede sen recursos para afrontar este tipo de clases e así evitar que se descolguen.

- Impartir os contidos imprescindibles non dados do curso pasado e os deste curso.

- Informar, desde as primeiras clases, do procedemento e da metodoloxía empregada ao alumnado para que saiba como actuar en caso de confinamento.
- Garantir a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.

13. 2. 2. METODOLOXÍA E RECURSOS:

O alumnado do noso centro posúe unha dirección de Gmail con acceso directo a classroom, chat e meet. En caso de clase non presencial ou semi presencial combinaremos varios recursos dixitais :

A expresión oral, a explicación do temario, a corrección das tarefas, resolución de dúbidas traballarase con regularidade en videoclases a través de google meet ou jitsi. Tamén se usaran estes recursos para as probas orais e /ou escritas.

A expresión escrita, a organización das tarefas semanais, as tarefas, os apuntamentos necesarios, as correccións de redaccións e/ou exercicios, os traballos voluntarios seran entregados por classroom ou correo gmail.

En 1º da eso, seguiremos usando o libro dixital. Nos outros cursos usaremos o libro de texto estipulado.

Realizaranse clases virtuais ou videoconferencias por medio de “Meet de Google Classroom”, nas que o profesorado explica os contidos e o alumnado pregunta dúbidas sobre as tarefas propostas e/ou outras relacionadas ca materia. O horario destas clases virtuais seguirá o horario ordinario das clases presenciais, de tal forma que non supoña un atranco para a organización interna do centro.

O alumnado empregará o correo electrónico e/ou a plataforma “Google Classroom” para preguntar tódalas dúbidas que aparezan en calquera momento na realización das tarefas.

Os materiais preparados polas docentes (documentos de texto e/ou presentación en Power Point ou/e similares con: textos, esquemas, táboas; arquivos (documentos de texto ou/e PDF) con resumos sobre contidos da materia), textos da prensa en formato dixital (en PDF e/ou documento de texto e/ou por medio de enlace a páxina do periódico: noticias, artigos, reportaxes...) e PDF cos libros de lectura (en caso de que o alumnado non poida adquirilos) serán expostos nas plataformas virtuais ditas anteriormente: Google Classroom e/ou Aula Virtual.

As actividades, tarefas, proxectos e traballos son comunicados e recibidos a través das plataformas virtuais (Google Classroom, e/ou Aula Virtual e/ou correo electrónico).

As tarefas, proxectos ou traballos propostos ao alumnado así como a correccións das mesmas serán comunicadas ao alumnado a través de “Google Classroom” e/ou por correo electrónico e/ou a aula virtual do centro.

As tarefas que se propoñen semanalmente, son tarefas de aplicación práctica dos coñecementos adquiridos durante as exposicións teóricas que se realizan nas videoconferencias ou clases virtuais. Estas tarefas céntranse en contidos de expresión escrita - de expresión oral - de comprensión oral e de comprensión escrita.

Os **recursos didácticos e os materiais empregados** polos docentes baséanse nos propios da educación non

presencial, é dicir, o ordenador e a conexión a internet son recursos imprescindibles. A continuación cítanse os materiais e recursos utilizados:

-Plataforma educativa Google Classroom e/ou correo electrónico.

-Materiais preparados polos docentes:

-Documentos de texto e/ou presentación en Power Point ou/e similares con: textos, esquemas, táboas que profundizan e complementan a comprensión e realización das tarefas.

-Archivos (documentos de texto ou/e PDF) con resumos sobre contidos da materia: sobre contidos de coñecemento da lingua.

-Textos da prensa en formato dixital (en PDF e/ou documento de texto e/ou por medio de enlace a páxina do periódico): noticias, artigos, reportaxes...

-Visionado de representacións teatrais, e/ou documentais, e/ou películas (de interese para a materia) a partir de enlaces a YouTube.

-O libro de texto e recursos interactivos proporcionados polas editoriais.

-Páxinas de consulta e/ou investigación.

13. 2. 3. MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSEÑANZA TELEMÁTICA.

Para o alumnado de francés que non teña acceso ao ensino telemático:

- Se o alumnado non posúe ordenador, o centro prestaríalle un.

- Se o alumnado non posúe ordenador pero ten móbil, asesorariámoslle coas diferentes aplicacións con axuda do administrador do Dominio Virxe do Mar.

-Se o alumnado non ten conexión a Internet : Comunicarase ao equipo directivo do centro calquera incidencia, que dificulte ou impida ao alumnado acceder ao desenvolvemento das clases virtuais ou videoconferencias para atopar unha solución (por exemplo enviar as tarefas e o material necesario por correo postal ou se deixa nun punto de recollida en caso de poder facelo).

13. 2. 4. MECANISMOS PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO.

O alumnado poderá asegurarse o seguimento continuo do curso a través dos seguintes mecanismos :

- As videoclases semanais para adiantar materia e expor calquera dúbida .

- Os correos electrónicos para comunicarse co profesorado.

- O envío e entrega de actividades.

- A realización de probas orais e escritas.

Se a profesora constata que o alumnado non se conecta con regularidade ás videoclase e / ou non entrega as tarefas :

-poñerase en contacto co/ a titor/a para que tome as medidas pertinentes.

-Avisa por chamada telefónica / manda unha mensaxe polo Xade ás familias.

13. 2. 5. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Como **estratexias** para poder avaliar aos nosos alumnos/ as seguiremos a avaliación formativa que detecte as aprendizaxes logradas e tamén ou que falta por mellorar. Os propósitos educativos serán clarificados para que ou alumnado saiba que se espera del e ata onde pode chegar. A autoavaliación estará presente para que ou alumnado coñeza a súas formas de aprender e tome consciencia das súas fortalezas.

Como **instrumentos** empregaremos esta serie de recursos : Rexistro anecdótico e diario de clase / Indicadores/rúbricas de desempeño / Probas orais e escritas / Realización das tarefas / Participación / actitude / conectividade.

INSTRUMENTOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL / NO PRESENCIAL

-Realización de probas obxectivas escritas.

-Análise da produción (oral ou/e escrita) do alumnado a través dunha táboa de rexistro/lista de control e/ ou rúbricas de avaliación.

-Realización de tarefas de expresión escrita e comprensión lectora.

-Elaboración de tarefas de comprensión oral (escoita de textos orais e/ou visualización de documentais e resposta a preguntas sinxelas ou tipo test,... e expresión oral (elaboración de audios ou/e vídeos facendo presentacións orais, lendo e dramatizando textos literarios ou de creación persoal).

-Realización de tarefas que requiren da posta en práctica de coñecementos da lingua (coñecementos gramaticais, ortográficos, léxico-semánticos e/ou comunicativos).

-Realización de traballos e/ou proxectos que se centran en contidos de comprensión e expresión escrita, comprensión e expresión oral, coñecemento da lingua.

-Autocorrección a través de solucionarios proporcionados polas docentes.

Os **criterios** de calificación este curso tanto en clase presencial como semi presencial o no presencial sufriran unhas lixeras modificacións:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA EDUCACIÓN PRESENCIAL :

AVALIACIÓN DE ESO E 1º DE BACHARELATO						
PROBAS 80%				TRABALLO DE CASA / AULA 20%		
COMPRESIÓN ESCRITA	COMPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ESCRITA	REALIZACIÓN DE TAREFAS	ACTITUD	PARTICIPACIÓN
20 %	20%	20%	20%	10%	5%	5%

AVALIACIÓN DE 2º DE BACHARELATO				
PROBAS 80%		TRABALLO DE CASA / AULA 20%		
COMPRESIÓN ESCRITA	EXPRESIÓN ESCRITA	REALIZACIÓN DE TAREFAS	PARTICIPACIÓN	ACTITUD
40 %	40%	10%	5%	5%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA EDUCACIÓN NO PRESENCIAL O SEMIPRESENCIAL :

AVALIACIÓN DE ESO E 1º DE BACHARELATO						
PROBAS 80%				TRABALLO DE CASA / AULA 20%		
COMPRESIÓN ESCRITA	COMPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ESCRITA	REALIZACIÓN DE TAREFAS	CONEXIÓN	PARTICIPACIÓN E ACTITUD
20 %	20%	20%	20%	10%	5%	5%

AVALIACIÓN DE 2º DE BACHARELATO				
PROBAS 80%		TRABALLO DE CASA / AULA 20%		
COMPRESIÓN ESCRITA	EXPRESIÓN ESCRITA	REALIZACIÓN DE TAREFAS	CONEXIÓN	PARTICIPACIÓN E ACTITUD
40 %	40%	10%	5%	5%

13. 2. 6. PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO.

As profesoras poñeranse en contacto coas familias se despois de falar co/a alumno/a e/ou titor/a non se obteñen cambios por :

- Non conectarse ás videoclases.
- Non entregar as tarefas solicitadas.
- Presentar un moi baixo rendemento académico
- Non respectar as regras de convivencia.
- Ou por outros motivos que as docentes considere oportuno.

A comunicación poderá ter lugar a través de :

-Unha chamada telefónica.

-Unha titoría presencial no Instituto (en caso de ensino semipresencial) ou telemática por google meet / jitsi.

-Unha mensaxe escrita ao Xade.

-Un correo electrónico.

Os pais poden consultar todo tipo de información na páxina web do centro (detallado das tarefas para entregar en caso de confinamento), pedir cita presencial ou telemática chamando ao Instituto ou mandando un aviso ao noso correo corporativo da Xunta para aclarar calquera dúbida que teñan.

A comunicación co alumnado faise regularmente a través de : -As videoclases. / O correo electrónico. / Gmail (chat / meet) / Classroom / Jitsi

O alumnado empregará o correo electrónico e/ou a plataforma “Google Classroom” para preguntar tódalas dúbidas que aparezan en calquera momento na realización das tarefas.

A Xefa de Departamento

A profesora

Sandrine Sánchez Castro

María Elena Martinez Bautista.